



## Facultade de Ciencias da Comunicación

Traballo de  
fin de grao

A violencia de xénero na  
Costa da Morte.

Análise do tratamento nos  
medios de comunicación da  
zona.

Autora: Sheyla Bermúdez Lista  
Titor: Luís Álvarez Pousa

**Grao en Xornalismo**  
Xuño 2018

## Resumo

A violencia de xénero é un problema grave que existe en España desde sempre e que leva por diante a vida de máis de cincuenta mulleres cada ano. Este traballo analiza se en pleno século XXI os xornalistas tratan o tema co coidado e respecto que merece, como un problema social, ou se pola contra, informan buscando o sensacionalismo e o morbo. O estudo busca demostrar que non se lle da a visibilidade necesaria e poucas veces se fala da situación se non é para informar dun asasinato. Está centrado na Costa da Morte e no xornal La Voz de Galicia, edición Carballo. Tenta deixar claro que é necesaria unha especialización no tema e elaborar as informacións desde unha perspectiva de xénero para informar e formar á xente sobre a violencia de xénero, explicando que non todo é violencia física, senón que a psicolóxica pode ser incluso peor, ofrecendo a visión e opinión de expertos e deixando claro que hai saída para todas esas mulleres que se senten desprazadas e humilladas día a día. Ademais do análise do tratamento das informacións do xornal La Voz de Galicia. Edición Carballo, tamén se investigou cal é a situación nos diferentes concellos e pobos da zona (número de denuncias, número de mulleres que acoden aos Centros da Muller que hai na zona...) para ver se coincide o enfoque que se da na prensa coa realidade. Varios expertos aportaron a súa visión sobre o tratamento, tanto na prensa xeral como na da Costa da Morte, a súa experiencia co tema e varios datos relevantes para a elaboración do estudo.

**Palabras clave:** *violencia de xénero – xornalismo – machismo – vítimas – medios – violencia machista – Costa da Morte – La Voz de Galicia*

## ÍNDICE

1. Introducción
  - 1.1. Xustificación
  - 1.2. Obxecto de estudo
  - 1.3. Hipótese e obxectivos
  - 1.4. Metodoloxía
2. Marco teórico
  - 2.1. Comunicación e xénero
  - 2.2. Xornalismo especializado e xénero
    - 2.2.1. A metodoloxía do xornalismo especializado
    - 2.2.2. Xornalismo social e xornalismo de sucesos
  - 2.3. A violencia de xénero e o tratamento xornalístico
3. Análise dos casos na Costa da Morte
  - 3.1. Análise de contido
  - 3.2. Situación actual
4. Conclusións
5. Bibliografía
6. Anexo

## 1. Introducción

O xornalismo é unha das armas máis potentes que ten a cidadanía. Nun mundo no que os gobernantes e empresarios buscan o seu benestar e o seu propio beneficio, á poboación non lle queda máis remedio que acudir aos medios de comunicación para comprobar se o que lles están dicindo é mentira ou verdade. Os medios son poder e, tal e como manifestaba nos anos de crise a Federación e Asociación de Xornalistas de España, “sen xornalistas non hai xornalismo e, sen xornalismo non hai democracia”.

Os medios de comunicación deben informar á cidadanía do que sucede ao seu redor dunha maneira imparcial e obxectiva. Así, son os encargados de crear a opinión pública e, do mesmo xeito, convértense en instrumentos capaces de crear e transmitir estereotipos.

Nos últimos anos, segundo varios autores como Pilar López Díez e Belén Puñal Rama, a sociedade está caracterizada por ser unha sociedade patriarcal, androcéntrica e machista na que os medios contribuíron de múltiples maneiras a difundir e manter a superioridade do home, deixando clara a postura das mulleres só por nacer como tal.

As informacións sobre as mulleres nunca foron tratadas como deberían nos diferentes aspectos, nin en informacións relacionadas coa ciencia, nin coa tecnoloxía, nin as noticias políticas... Todo isto axudou a crear unha imaxe sobre as mulleres bastante pobre, relegando o seu papel a un segundo plano na vida pública.

Nos últimos anos aumentou o número de traballos e estudos relacionados con estes aspectos tanto a nivel nacional como internacional. Sobre iso falarase máis adiante, mais cabe mencionar as primeiras investigacións realizadas en España nos anos oitenta: “Por un discurso non androcéntrico nos medios de comunicación” de Franquet (1982) e “Umbral da presenza das mulleres na prensa española”, de Concha Fagoaga e Petra María Secanella (1984).

Estas autoras intentaron demostrar a situación de inferioridade á que se ven sometidas as mulleres no seu día a día e como se ve reflexado nos medios de comunicación. Juana Gallego (1998) tamén realizou varios estudos sobre a presenza das mulleres nos medios de comunicación anos máis tarde e comparou os resultados obtidos cos datos resultantes dos estudos de Fagoaga e Secannella.

Neste traballo de investigación comprobaremos se en pleno século XXI se está a tratar correctamente nos medios un dos principais problemas que ten España neste momento e que máis vítimas se leva por diante cada ano: a violencia de xénero. É necesario ver que se está a cumprir o dereito dos cidadáns a ser informados de maneira veraz e obxectiva sen contribuír á creación de estereotipos sobre as vítimas ou a tratalo como un tema sen importancia.

## **1.1. Xustificación**

O tema principal é a análise do tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación da Costa da Morte, un espazo que coñezo ben e no que me desenvolvo con facilidade.

O motivo polo que se realiza este traballo de investigación débese á publicación a final de ano do relato de mulleres asasinadas e casos de malos tratos rexistrados no noso país. Así, creo que é necesaria e interesante a investigación sobre o tema neste espazo para coñecer e dar a coñecer a problemática que vemos nos medios todos os días e pola que non se fai nada.

Ver, oír e calar. É un tema importante, un problema grave existente en España desde fai anos, que sae nos medios desde non fai moito e ao que case ninguén presta atención. Vemos tantos casos na televisión que xa só chama a atención cando se trata dun caso coñecido ou que remata nun asasinato cometido de xeito espectacular.

Resulta interesante facer unha análise sobre o tratamento da violencia machista nos medios a día de hoxe nun espazo concreto para descubrir cal é a imaxe que se transmite e de que xeito contribúen ao mundo e á creación da opinión pública: se as informacións publicadas axudan a paliar o problema ou se pola contra buscan o morbo e o “amarelismo”.

## **1.2. Obxecto de estudo**

O principal obxecto deste estudo son as publicacións relacionadas coa violencia de xénero na Costa da Morte, o tratamento que se fixo en canto aos acontecementos se refire e cal é a visión que se ten da problemática na zona.

Para iso, analizáronse cualitativa e cuantitativamente varias publicacións impresas de ‘La Voz de Galicia’ da edición de Carballo comprendidas entre os anos 2006 e 2017. Escolléronse varios casos para comprobar se o medio e o xornalista en cuestión fixo un seguimento total ou parcial dese caso ou se soamente conta a parte que da máis xogo. Tamén se fixo unha análise dos termos empregados, da linguaxe, do enfoque recibido e de que xeito se trata tanto ás vítimas como aos que as maltratan.

### **1.3. Hipótese e obxectivos**

O estudo realízase barallando a hipótese de que a violencia de xénero é un tema ao que só se lle da importancia se o caso chama a atención, ou sexa, se hai sangue polo medio, se o home acaba coa vida da súa parella e se suicida ou se o fai de xeito espectacular.

Con todo, outra idea coa que parte este traballe é a de que os casos non son seguidos paso a paso e rara vez se fala do proceso que seguen os homes que maltratan ás mulleres ata chegar ao último paso: o asasinato. Tan só se informa dos feitos como un acontecemento e non como algo que ten continuidade. Non se soe facer un seguimento do caso tras os actos como pode ser o proceso xudicial.

Ademais, a Costa da Morte non é un lugar no que se fale moito de violencia de xénero, pese a que hai moitos casos (como no resto de España) e isto pode deberse a que falamos dunha parte de España onde a poboación está moi avellentada.

Segundo os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE), cada día morren en España trinta e seis persoas máis das que nacen, un número que aumenta co paso dos anos. No 2016 morrían cada día trinta e catro máis dos que nacían e no 2014, vinte e oito. Galicia leva case trinta anos seguidos cun saldo vexetativo negativo. Existe unha tendencia á baixa en canto á natalidade en Galicia e hai unha alta taxa de mortalidade debido a que a poboación cada vez é máis vella. Por iso, podemos falar de que a violencia de xénero pode estar normalizada na zona debido á mentalidade da xente máis maior.

## 1.4. Metodoloxía

O traballo de investigación podemos dicir que se divide en catro partes. Por unha banda atopamos o proceso de documentación, grazas ao cal se desenvolve a segunda parte do estudo: o marco teórico, co que se porá ao lector ao tanto da situación actual dos medios de comunicación en canto ao tratamento da violencia de xénero se refire.

Logo, procédese á terceira parte, que é a de análise de contido. Primeiro realizouse unha escolma dos casos máis salientables na Costa da Morte publicados en ‘La Voz de Galicia’ da edición de Carballo e logo fíxose unha análise cualitativa e cuantitativa do tratamento que lle deu o xornal aos diferentes casos.

Unha vez escollidos entre oito e dez casos, o traballo de análise consistiu en comprobar se cada un dos casos era tratado como debía. Para iso elaboráronse unhas táboas nas que se teñen en conta os seguintes apartados: titular, data, sección na que aparece publicado, se informan desde unha perspectiva de xénero ou non, se usaron linguaxe machista ou non, se contextualizan, se xustifican ao autor, se transmite estereotipos de xénero á sociedade, se fai referencia á nacionalidade dos implicados, se culpan á vítima, se informa dos servizos dos que dispoñen as vítimas, se hai un seguimento do caso, que fontes se consultan, se aparecen fotografías ou elementos gráficos, se engaden datos irrelevantes e se diferencian os distintos tipos de violencia.

Unha vez analizados os casos expóñense diferentes gráficas e observacións sobre os diferentes resultados obtidos e procederáse á seguinte parte do traballo.

A cuarta parte do estudo consiste en plasmar no traballo a situación actual da violencia de xénero na zona en cuestión. Mediante informes, estudos, gráficas, datos facilitados por asociacións e Internet e varias entrevistas tanto a axentes de policía como a responsables de organizacións, farase un resumo do que supón a violencia de xénero na Costa da Morte, se hai moitas vítimas e como cren os persoeiros que se trata o tema nos medios.

Ao remate do proceso de análise, elaboraranse unhas conclusións nas que se valorará se os resultados obtidos coinciden coa hipótese inicial e onde se falará do que se pode facer para mellorar as informacións sobre violencia de xénero nun futuro próximo.

## 2. Marco teórico

### 2.1. Comunicación e xénero

A palabra xénero utilízase desde sempre para clasificar ás persoas segundo unhas determinadas características e maneiras de actuar ou ben no bando masculino ou no feminino. Segundo a época, a cultura ou o país, esa concepción pode variar, mais todo o mundo ten claro cales son as normas, as maneiras de vestir e de actuar consideradas de home ou de muller. No noso país, podemos dicir que desde os anos 80 ata agora avanzamos un pouco grazas aos movementos feministas e xa hai certa conciencia social de que somos, de certo modo, iguais en todos os sentidos.

Rocío Fraga, da Fundación de Mulleres, defende que “as diferenzas entre homes e mulleres son construcións baseadas nunha diferenza biolóxica que reforzan un sistema dicotómico de comportamentos sociais. (...) O xénero fai referencia, por tanto, ás diferenzas sociais entre o masculino e o feminino que os homes e mulleres foron interiorizando dependendo do seu contexto histórico, social e cultural. (...) O sistema sexo-xénero permite coñecer un modelo de sociedade no que se explica como as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres se traduciron historicamente en desigualdades de índole social, política económica... sendo as mulleres as grandes desfavorecidas neste proceso”. (Fraga, Rocío. ‘As bases da discriminación: o sistema sexo-xénero’).

Alicia H. Puleo, directora da cátedra de estudos de xénero da Universidade de Valladolid, di que os roles de xénero aluden ao feito de que toda sociedade divide as tarefas por sexos e que esa adxudicación non sempre é a mesma. Engade que nas sociedades pos industriais os roles son máis flexibles que nas tradicionais. Aínda así, o ámbito doméstico soe ser considerado como o bando feminino (a educación dos rapaces, as tarefas do fogar, a cociña... labores non asalariadas) e o bando público, o dos homes (políticos e cargos públicos, traballos cun salario). ‘Muller pública’ e ‘home público’ teñen significados moi diferentes.

Nos últimos anos produciuse un cambio nos roles e agora moitas mulleres poden incorporarse ao mundo laboral ao mesmo tempo que os homes e dividir as tarefas do fogar. Con todo, queda moito por facer para conseguir unha plena situación de igualdade entre homes e mulleres.

O concepto identidade de xénero, que non se debe confundir con identidade sexual, foi analizado pola psicoloxía. As diferenzas que hai entre o sexo masculino e feminino eran tan claras que se comezaron a preguntar os motivos polos que se daba esta situación. A resposta máis tradicional relacionaba as distintas actitudes coa natureza biolóxica, marcada polo sexo da persoa ao nacer. Sen embargo, nos últimos trinta anos comezouse a ter en conta a educación e cultura, chegando á conclusión de que a identidade de xénero se forma durante os primeiros anos de vida grazas á educación recibida polos nosos pais, profesores... E aquí comezan a ser de grande importancia os medios de comunicación.

Os medios son os mediadores entre os acontecementos e a cidadanía. Ademais de informar, formar, reformar e entreter, tamén distribúen valores e educan aos que reciben esas informacións e por iso é tan importante que se cumpran unha serie de normas e requisitos á hora de elaborar as noticias para non estender ideas estereotipadas. Os medios de comunicación son un axente socializador que nos acompaña durante toda a vida a través de diferentes ferramentas (televisión, radio, videoxogos, prensa...).

Desde que somos pequenos recibimos a influencia da televisión xunto con outros medios e Internet. Por unha banda, os medios son o reflexo da sociedade na que se crean e, por outra, conformadores de opinión. A influencia dos medios nas persoas é unha das armas máis potentes, posto que está presente na vida de todo o mundo (cine, series, programas, publicidade...). A finalidade última dos medios é a de gañar cartos e por iso aproveitan a estrutura do sistema capitalista patriarcal no que vivimos para investir nos medios, coñecer o que pasa na sociedade e crear necesidades. (Rocío Fraga, 2011, p.65).

Nos medios, sobre todo na publicidade, vense claramente as diferenzas de tratamento dos homes e mulleres. Na publicidade móstrase en moitos casos a imaxe da muller como obxecto e promóvese un canon de beleza diferente segundo a época. Tamén se pode facer mención ao uso do plural en masculino en canto á linguaxe, que en moitos casos menospreza ou oculta ao colectivo feminino.

O número de estudos e investigacións sobre o xénero e a relación cos medios de comunicación aumentou considerablemente nas últimas décadas. O poder que teñen os medios para influír no entorno que os rodea converteuse nunha boa opción para promover o cambio social, nunha arma que pode chegar a eliminar os prexuízos e estereotipos establecidos sobre as mulleres e os seus roles, entre outros.

A nivel internacional, hai moitos estudos e investigacións académicas sobre medios de comunicación desde a perspectiva de xénero para entender de que xeito inflúen na construción social e cultural que reproduce e lexítima a desigualdade e subordinación das mulleres.

O estudo de Courtney e Lockeretz de 1971 manifesta que a publicidade escrita daquel momento só representaba a mulleres traballadoras nun 12% dos casos cando na realidade as mulleres traballadoras chegaban ao 33% da poboación. Culley e Bennet demostraban en 1976 como as mulleres na publicidade estaban vencelladas á preocupación pola súa aparencia e as tarefas do fogar. Tan (1982) e Zemach e Cohen (1986) aseguraron que os estereotipos estaban relacionados co consumo da televisión e isto corroborouse con outros estudos realizados por Lichter e Rothmann (1986), Rogge (1989) e Hobson (1989-1990).

En España, os primeiros estudos sobre a variable de xénero foron “Por un discurso non androcéntrico nos medios de comunicación” de Franquet (1982) e “Umbral da presenza das mulleres na prensa española”, de Concha Fagoaga e Petra María Secanella (1984). As mulleres íanse facendo oco nos medios de comunicación pero debido á estrutura que tiñan naquel momento, non se conseguía superar o tratamento discriminatorio nin cambiar a visión das mulleres. En 1988 Comas realizou o traballo “Muller e medios de comunicación en España” e en 1989 destaca o de Franquet, “A muller: suxeito e obxecto da información radiotelevisiva”.

Un dos estudos pioneiros en España sobre a prensa en Madrid e Barcelona, o de Concha Fagoaga e Petra María Secanella (1984), serviu de inspiración para a realización de outras análises posteriores. Entre eles destaca o de Juana Gallego (1998), que usa unha mostra e metodoloxía semellantes e isto fai posible a comparación entre os resultados. En 1983 a porcentaxe media de presenza de mulleres nos ‘staffs’ de dirección dos cinco diarios principais de España era do 6,5% (Fagoaga e Secanella, 1984, 13); en 1998 a porcentaxe nesas mesmas empresas, ás que se lle suma ‘El Mundo’, era do 8,2% (Gallego & Al. 1998, 20). A evolución do sector na prensa escrita neses 14 anos foi practicamente nula.

Sen embargo, no resto de países europeos a presenza de mulleres non é tan distinta á existente en España. Un estudo sobre a prensa de nove países europeos manifesta que as mulleres constitúen o 27% das redaccións e só acaparan o 12% dos postos executivos.

Os estudos de xénero e medios de comunicación centrados en Internet aseguran que a incorporación das novas tecnoloxías nos medios pode aumentar a desigualdade en vez de paliála. González-Solaz e García Cubells aseguran que “sendo un novo medio nacido nunha sociedade bastante concienciada con respecto á igualdade de xénero segue presentando en moitas das súas comunicacións á muller no seu coñecido papel consumista, sometido ou, incluso, como mero obxecto sexual”. (Franquet, Luzón e Ramajo. “Mujer y medios de comunicación online. Un análisis de género. 2005. P. 5).

Os actos violentos contra as mulleres non están mal vistos en todas as culturas nin sempre foron un tema que preocupase realmente. En Europa meridional desculpábase ao marido que mataba á súa muller por serlle infiel, denominándoo, ‘crime de honor’.

No ano 1999 o informe presentado por Amnistía Internacional titulado ‘Pakistán: Mujeres víctimas de homicidios cometidos en nombre del honor’, manifestaba que se estaban a violar os dereitos humanos no ámbito privado e reclamaba ao país que tomase medidas pero a costume do propio país pisa eses dereitos.

Año	Número de víctimas mortales
Año 2003	71
Año 2004	72
Año 2005	57
Año 2006	69
Año 2007	71
Año 2008	76
Año 2009	56
Año 2010	73
Año 2011	62
Año 2012	52
Año 2013	54
Año 2014	55
Año 2015	60
Año 2016	44
Año 2017	51
Año 2018	9

Do mesmo xeito, en 1993, Nacións Unidas aseguraba que a violencia contra as mulleres era, e segue sendo, o crime máis estendido e impune. (H. Puleo, Alicia. ‘Introducción al concepto de Género, 2007, páx. 26)

**Fonte: Portal Estadístico de Violencia de Xénero do Estado**

En España, a violencia de xénero acabou coa vida de 932 mulleres desde o ano 2003 ata marzo de 2018. É un problema grave que non se consegue erradicar pese a que diminuíu un pouco nos últimos cinco anos. Os motivos, como ben fomos explicando con anterioridade, hai quen os relaciona coa natureza biolóxica e quen argumenta que todo se debe á idea estendida da superioridade do home motivada por unha sociedade capitalista e patriarcal na que os roles están marcados para elas e para eles e todo aquel que non cumpre co establecido é considerado ‘raro’.

Os medios, agora máis que nunca, que vimos de vivir unha folga feminista mundial o 9 de marzo e que tivo un forte impacto na sociedade, son analizados e cuestionados, posto que como educadores, deben loitar pola igualdade e non tratar de xeito inferior a ninguén polo seu sexo, raza ou condición sexual. Así, os medios non sempre fan un bo uso da palabra ‘xénero’ como tal. Ás veces fan un uso abusivo da palabra como un simple sinónimo de sexo. A función que busca ter o uso do termo ‘xénero’ non é outra que a de dirixir unha mirada crítica á organización social xerarquizada dos sexos e ás identidades que derivan dela. (H. Puleo, Alicia, *Introducción al Concepto de Género*, páx. 29).

A filósofa e escritora Victoria Sendón de León, deixa claro no seu artigo ‘Coeficiente Simbólico Femenino’ que os bos comunicadores non son aqueles que informan de xeito claro e contundente senón os que conseguen empatizar cos receptores e causar certas reaccións neles. A comunicación humana xera pensamento e, os medios de comunicación xeran opinión e difunden valores. Así, a linguaxe utilizada nos medios representa as ideas, as crenzas, actitudes e pensamentos que logo a sociedade utilizará para darlle sentido á realidade na que se move. Os medios teñen moito poder nunha sociedade en democracia: son quen de darlle voz a asuntos que de non ser por eles acabarían no esquecemento e, do mesmo xeito, son capaces de ocultar ou facer invisibles outros.

En canto á atención que lle poñen os medios aos asuntos no que as principais protagonistas son as mulleres, segundo Juana Gallego Ayala, profesora de xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade Autónoma de Barcelona, e baseándose nos traballos nos que participou como ‘El sexo de la noticia’ (2000) ou ‘La prensa por dentro’ (2003), sácase en claro que “a pesar dos logros evidentes conseguidos polas mulleres, unha atenta mirada aos medios de comunicación pon de manifesto que, polo que respecta á representación pública, a linguaxe (tanto icónica como textual) para representar aos homes e ás mulleres é diferente e asimétrica e, nalgunha ocasión, chega a ser flagrante e discriminatoria. A representación e presenza de ambos xéneros é desigual tanto no aspecto cualitativo como cuantitativo”. (Gallego Ayala, Juana. ‘Lenguaje periodístico y discriminación de género’ (2007), páx. 51).

No apartado cuantitativo destacan os datos extraídos do capítulo 6 do estudo ‘La prensa por dentro’ realizado por Juana Gallego no ano 2002. Nese momento, como expón no

libro ‘Género y Comunicación’, dos temas previstos e publicados polos diarios de información xeral contiñan presenza masculina o 50,4% dos enunciados; o 40% estaba formulado de maneira abstracta e só o 4,6% tiña presenza feminina, mentres que outro 4,6% recollía as previsións con presenza mixta e perspectiva de xénero.

Noutro traballo de Gallego do ano 1998, ‘Gènere i informaco, radiografía d’una absència’, manifestábase que as mulleres eran citadas nos titulares no 10,25% dos casos e, que de 30.793 mencións de persoas, só o 11,8% (3.659) correspondían a nomes femininos. Nos informativos de radio, as mencións a nomes femininos ascenden a un 15% e nos de televisión, ao 18%, segundo o estudo ‘Representación de mujeres y hombres en los informativos de radio y televisión’, de Pilar López Díez.

Entre os estudos máis actuais, podemos destacar o estudo internacional ‘Who makes the news’. O Proxecto de Monitoreo Global de Medios, GMMP en inglés, é unha iniciativa de investigación e incidencia na materia de xéneros e medios de comunicación máis grande do mundo. Lévese a cabo cada cinco anos desde 1995 e documenta as tendencias de cambio relacionadas ca representación das mulleres nas noticias.

Os resultados do 2015 mostran que o avance cara a igualdade de xénero nos medios se detivo nos últimos cinco anos. No 2015, a porcentaxe que representa as veces que as mulleres foron protagonistas das noticias, tanto en prensa escrita como na radio ou televisión, é dun 24%, mentres que a dos homes ascende ao 76%. Estas cifras son exactamente iguais ás obtidas no estudo realizado no ano 2010. No 2005, as protagonistas das noticias representaban o 21% e os homes o 79%. No estudo realizado no 2000, as mulleres eran protagonistas nun 18% e, no primeiro estudo levado a cabo, en 1995, facían nun 17%. As cifras non avanza e, se miramos aos últimos 10 anos, podemos comprobar que están totalmente estancadas.

Seguindo cos datos obtidos polo estudo feito polo GMMP, recalcamos que as mulleres teñen maior presenza en temas de menor importancia na axenda noticiosa, como por exemplo en notas sobre ciencia e saúde. Neste tema, que só ocupa o 8% das axendas dos medios de comunicación, as mulleres constitúen o 35% das persoas que aparecen en noticias deste tema, fronte ao 16% que aparecen en noticias sobre política. En política son tres puntos porcentuais menos visibles que no 2010.

Para seleccionar as fontes, a maior parte dos xornalistas céntranse nos homes. A maior parte de expertos citados, son descritos como funcionarios públicos de alto nivel e políticos. Os homes declaran nun 12% con base a súa experiencia persoal, nun 16% como testemuñas en un 10% aportan a súa visión persoal. Os homes aos que se acude soen ser políticos. Por outra banda, cando se trata de mulleres, hai tres categorías diferenciadas: o 13% aportan a súa experiencia persoal e preséntanas como amas de casa ou nais; as testemuñas preséntanas como residentes (22%) e as que aportan o seu punto de vista soen describilas como estudantes (17%).

As noticias sobre economía, seguidas das de política, son as que se centran en menor medida nas mulleres, cun 5% e 7% das notas informativas respectivamente. Das notas informativas, o 9% abordan temas de desigualdade de xénero, máis do dobre da porcentaxe documentada fai 10 anos. O 4% das notas cuestionan os estereotipos de xénero, o que supón un avance no último decenio, mais parece ser que ao mesmo tempo se incrementa a presenza de estereotipos en noticias sobre temas sociais e legais.

A categoría que sofre un aumento, segundo o estudo do GMMP, foi a das mulleres que sobreviviron á violencia doméstica, que medrou pouco máis de catro veces. Antes era pouco probable que presentasen ás mulleres como superviventes á violencia de xénero, mais agora houbo un cambio importante. Fai dez anos, a cifra era do 6% e no 2015 preséntase nun 27%.

Nas plataformas informativas dixitais, só o 26% das persoas que aparecen nas notas informativas en Internet e tweets noticiosos, son mulleres. Así, queda claro que a invisibilidade feminina nos medios tradicionais se traslada aos medios dixitais, posto que as diferenzas porcentuais en canto a contidos e tipos de fonte e testemuña son iguais que nos medios impresos.

No que refire á representación cualitativa (de que xeito se tratan e representan ás mulleres nos medios) trátase dunha representación desigual, asimétrica e, ás veces, discriminatoria. Soe farse, sobre todo na prensa escrita, dun NÓS (os homes) fronte a ELAS (as outras). Fálase dun ‘elas’ como se non formasen parte do conxunto e, por iso, moitas veces son xulgadas cunha dureza maior que cando se xulga ao noso propio equipo, ao ‘nós’, do que se fai alardeo das súas accións fronte á humillación e ridiculizacións das actividades de ‘elas, das mulleres. (Gallego, Juana, 2007, páx. 52-53)

Os xornais teñen as súas seccións divididas en canto ao xénero. Hai seccións nas que a presenza das mulleres é case nula. Economía, política e, sobre todo, os deportes, son nas que máis presenza masculina hai, mentres que en sociedade e cultura predomina o sector feminino.

Sen ir máis lonxe, nos deportes podemos ver o trato discriminatorio ou ridiculizado que se fai da muller. Non é o mesmo cando gaña un equipo de fútbol masculino que cando o fai o equipo feminino. Un exemplo claro é o titular do xornal El País do 09-08-2004: “Las chicas españolas, Campeonas Sub 19 de Europa”, ou o do 17-05-2003 de La Vanguardia: “Ellas también quieren el podio”. Son tratadas como algo a parte, algo a maiores do deporte masculino, que moitas veces se personaliza como ‘o noso equipo’ ou ‘o equipo español’.

Ademais, cando se fala dunha muller deportista, a maioría das veces acábase desviando a atención da noticia cara ao seu ‘espectacular físico’ ou a súa vida persoal. Un claro exemplo son os titulares do 15 de xullo de 2017, de El Español, “Garbiñe Muguruza, la reina del tenis que calza tacones de 15 centímetros” ou os de Periodista Digital, do 17 de xullo do 2017, “Garbiñe Muguruza, mucho tenis, bonitas piernas y pocos novios”. Que sexan tan recentes pon de manifesto a situación de retroceso que estamos a vivir.

Se seguimos falando de deportes, segundo un estudo de investigación realizado pola profesora Clara Sainz de Baranda do ano 2014 da Universidade Carlos III de Madrid (UC3M), a presenza da muller na prensa deportiva é totalmente inferior á do home. Elas aparecen o 5,11% dos casos mentres que eles o fan en máis do 92,2%. Tamén recalca que houbo un retroceso neste tipo de prensa en Madrid, posto que o diario Marca (un dos xornais máis lidos en España), pasou de ter no ano 1979 un 5,6% de noticias nas que as protagonistas eran as mulleres a ter no 2010 un 4,22%. En As pasouse dun 7,72% en 1979 a un 4,45% en 2010.

Na prensa xeral, onde se supón que a información debe ser de calidade, seria e verídica, entre outras moitas cousas, tamén se pode apreciar un sesgo de xénero masculino, tal e como explica Juana Gallego no seu artigo ‘Lenguaje periodístico y discriminación de género’. Este non é tan marcado como noutras seccións, posto que se debe mostrar aos homes e mulleres como seres neutros.

Cando se representa ás mulleres na información xeral, son tratadas como ‘obxectos observados’, mentres que os homes son representados como suxeitos que actúan. O esquema da representación de xénero que se fai nos medios é o seguinte: el fai, ela é. Este enunciado soa ridículo, posto que xa se sabe que as mulleres levan toda a vida desde fai moitísimos anos facendo e facendo para poder recibir o mesmo ou parecido que os homes cando fan a metade ca elas.

Pois ben, os medios relegan a un segundo plano o facer das mulleres e son xulgadas polo que son, algo inxusto porque non é o mesmo xulgar polo que alguén fixo que polo que é. Os homes son xulgados polas súas accións: se son positivas apláudense e se son negativas, criticáanse. Nunca se cuestiona o dereito a estar na posición na que se encontran. As mulleres xúlganse polas súas actitudes, polo seu aspecto, polo que son e non polo que fan. Así, nos medios, os homes son os que fan, actúan, cambian, evolucionan, constrúen... mentres que as mulleres son, parecen, están, permanecen nun estado do que non poden saír. Cando se fala delas dise que son guapas, belas, reinas, sereas, damas de ferro, sedutoras, vítimas... outórganselle adxectivos permanentes: non mudan, elas son. A eles, pola contra, non se lles poñen etiquetas porque ao ser xulgados polos actos, poden mudar, xa que os feitos son transitorios e modificables e, por tanto, cambiabiles. (Gallego, Juana, 2007, páx, 55-56)

Se nos paramos en outros ámbitos xornalísticos como a política, segundo a doutora Carmen Herrero Aguado, no seu artigo ‘Xornalismo político, o ámbito do poder (masculino), incluído no libro ‘Rompendo Moldes’ (Álvarez Pousa e Puñal Rama, 2010, Atlántica, páx. 214-220), as mulleres na política si teñen visibilidade, mais non é adecuada. Nos contidos protagonizados por mulleres fálase do seu aspecto físico, da maneira de vestir ou da vida persoal, aspectos que non se tocan á hora de falar dun cargo masculino. Outro dato curioso é que a elas non se lle chama polo apelido case nunca (Rajoy/ Soraya), utilízase un diminutivo ou son nomeadas cun ‘a’ diante (a Aguirre, a Espe).

Elena Valenciano, nun artigo de El País (20/01/2009, p. 29), dicía o seguinte: “Se un ministro fala da súa vida amorosa suscitará, en xeral, unha opinión positiva porque comentar a súa vida privada o fai máis humano, máis próximo, ao tempo que o afasta do seu estereotipo de político. Se unha ministra fai o mesmo, posiblemente será tachada de frívola ou caerá sobre ela a presunción de incapacidade”.

A mesma Angela Merkel foi criticada pola prensa de todo o mundo por aparecer cun bolso laranxa no Bundestag, do que se falou sobre o prezo, a cor, e mesmo se consultou a un psicólogo para que aclarase cal era a mensaxe que quería lanzar a política cun bolso desa cor tan vistosa.

Outros exemplos son os titulares: ‘As fichaxes de Rubalcaba: Carma Chacón, Leire Pajín, Trinidad Jiménez, Rosa Aguilar’ (ABC, 24/08/2011, p.22); “Caladas e sentadas para facer bonito” (El País 20/08/2011, p. 12), “A muller de Bermúdez defende o encubrimento” (El Mundo, 30/07/2011) e “Francia investiga á xefa do FMI” (El País, 5/08/2011, p.4).

Entre as conclusións, elaboradas pola doutora Carmen Herrero Aguado (2011, p. 219), destaca que a política é un ámbito de poder maioritariamente masculino. O xornalismo político reflicte desigualdade e tratamentos sexistas a partir dos estereotipos masculino e feminino convencionais. O estereotipo feminino da muller no xornalismo político reflíctese nas vacilacións á hora de nomear ás mulleres, no feito de facer referencia ao seu aspecto físico, expresións pexorativas e a ocultación ou invisibilidade.

Os medios non seguen as recomendacións de diversos organismos nacionais e internacionais para evitar os tratamentos sexistas cando o correcto sería que estiveses involucrados no proceso de cambio para eliminar todo aquel tratamento estereotipado ou simplista sobre as mulleres e promover a representación equitativa de ambos xéneros.

As seccións de Cultura e Sociedade son aquelas con máis presenza feminina nos medios. A pesar disto, a mencións ao xénero feminino non supera o 25% en ningún diario español. As mulleres participan ao igual que os homes nas actividades culturais pero o seu reflexo nos medios de comunicación segue a ser minoritario. Esta tendencia leva así desde os últimos quince anos.

Pola contra, cando se trata de informacións superficiais e secundarias, desas que parecen máis noticias da prensa do corazón, soen ser as mulleres as que predominan. Tamén cando se trata de mencionar a pintores ou artistas destacados do pasado soe acudirse a referencias masculinas. Elas só aparecen cando poden lucir como adorno, dando luz e cor ás páxinas de cultura e morbo ás de crónica social.

A desigualdade de xénero no xornalismo sanitario xa se pode observar nas diferencias salariais e laborais dos propios profesionais. As xornalistas sanitarias teñen soldos máis baixos que os seus compañeiros aínda sendo menos ca elas. En canto aos contidos, rara vez se contemplan as cuestións de xénero cando se elaboran as informacións, ben por descoñecemento, indiferenza ou negación. Isto está relacionado co feito de que os propios xornalistas especializados en saúde non establezan uns códigos deontolóxicos que regulen o tratamento informativo desde unha perspectiva de xénero.

A invisibilidade das mulleres na prensa sanitaria ten efectos negativos na sociedade: se os problemas que afectan principalmente ás mulleres non teñen unha presenza informativa suficiente, son invisibles para a maioría da cidadanía, co cal non van tentar soluciónalos. Se a información sobre algo que afecta ás mulleres se oculta ou exclúe ás mulleres, a visión que ten o público é de que só afecta aos homes. Un exemplo claro son as enfermidades cardiovasculares, que en moitos países están calificadas como unha das primeiras causas de morte das mulleres pero como só se fai referencia aos homes nos medios e os síntomas son diferentes nelas e neles, hai moitas mulleres que non saben que están afectadas. (Camacho, Idoia. 'A información sobre a saúde desde a perspectiva de xénero'. (2011). P. 257).

Do mesmo xeito que ocorre no xornalismo en xeral, no ámbito da saúde, se non se fai referencia a mulleres profesionais á hora de buscar fontes (médicas, odontólogas, enfermeiras, físicas...) estase ocultando unha parte dos traballadores. Segundo o Informe do Consello Audiovisual de Cataluña (CAC) do 2013, entre os médicos que exercen en España, o 46,4% son mulleres, mentres que cando se trata das fontes que aparecen en televisión, a porcentaxe redúcese ao 26,7%. O mesmo ocorre cando se fala de profesores: o 37,5% son mulleres pero na televisión redúcese ao 12,7%.

Como se indicaba antes, as mulleres dá o mesmo o que fagan ou as actitudes que teñan porque sempre van ser criticadas polo feito de ser mulleres e non polos seus actos. A maneira de vestir, a beleza ou o comportamento son analizados polos xornalistas. Elas poden simpatizar mellor co lado masculino ou tirar polo tradicional lado masculino. Non obstante, se unha política vai vestida cun traxe e uns zapatos planos, será tachada de frívola, mentres que se leva un vestido, medias e zapatos de tacón, falarán dunha princesa, do seu escote ou criticarán as prendas que leva postas. Ademais, en ocasións a

vestimenta pasa a ser o centro da noticia e ponse en dúbida a capacidade para dirixir ou realizar o traballo que desempeñan.

Finalmente, queda resaltar o modo no que se escriben as notas necrolóxicas. A maneira de describir aos falecidos e ás falecidas é distinta. Cando se trata deles, é suficiente con facer mención á súa profesión mentres que no caso feminino é necesario destacar algún atributo da persoa ou a relación que tiveron con algún home, grazas a cal adquiriron certo valor de diferenciación, certa notoriedade.

Algúns exemplos, recollidos por Juana Gallego Ayala, son os seguintes: David Beltrán Català, fiscal e ex director de Institucións Penitenciarias; Esperanza de Borbón, tía de Juan Carlos I (El País, 10/05/05). Gladis Martín, ‘a pasionaria chilena’; Sixten Ehrling, director de orquestra (07/03/05); Blanca Meruéndano, pintora e nai do presidente do patronato do Museo do Prado; Max Velthuijs, escritor e debuxante holandés de literatura infantil; Ignacio Linares, locutor (31/01/05). “Muere Winnie Mandela, exmujer de Nelson Mandela, a los 81 años”, ao lado de “Muere Paco Camarasa, gran divulgador de la novela negra” (02/04/18).

Así queda clara a evidente desigualdade existente nos medios á hora de representar aos homes e ás mulleres. Elas son xulgadas polo que son, como un colectivo de xénero ao que pertencen e do que non poden saír. As mulleres séntense representadas e cren que pertencen ao mesmo colectivo por compartir xénero en vez de facelo debido á actuación dunha muller concreta que se fai responsable dos seus actos. Os homes, son considerados de maneira individual, polas accións concretas e nunca pola súa identidade de xénero. Isto implica que o que eles fan mal onte, pode cambiar á semana seguinte, xa que as accións son feitos que poden mudar pero elas ao ser analizadas polo que son, non teñen a posibilidade de cambio e evolución.

Para por solución a esta situación, os medios deben concederlles, en primeiro lugar, o dereito a ser suxeitos que actúan lexitimamente na consecución dos seus intereses e, en segundo lugar, que poidan actuar lexitimamente sen que pertencer a un xénero ou a outro afecte ao xuízo dos demais. Actuando como un suxeito individual poderáselle exixir responsabilidades polas actuacións e non pola aparencia ou actitude. (Gallego Ayala, Juana. “Lenguaje periodístico y discriminación de género”).

As xornalistas e os xornalistas teñen que tratar a información con responsabilidade. Deben realizar as informacións sobre homes e mulleres do mesmo xeito, sen que pertencer a algún dos bandos supoña un problema. Non se debería facer referencia ao seu aspecto físico ou vestimenta se non é o centro de interese da noticia, posto que as referencias ás aparencias restan credibilidade e seriedade. Hai que eliminar os prexuízos e estereotipos de xénero, e de calquera tipo, para elaborar informacións vexatorias cara as mulleres por desempeñar calquera tipo de acción ou traballo que non encaixe nos establecidos 'para mulleres'. Estas son algunhas das indicacións que deberían seguir os xornalistas para evitar todo tipo de discriminación cara ás mulleres polo feito de selo.

## 2.2. Xornalismo especializado e xénero

A violencia de xénero é un problema que existiu sempre. Non se trata só de cifras, senón que estamos ante un problema estrutural sostido no tempo que mata mulleres e deixa nenas e nenos orfos e que aínda non dispón nos medios de comunicación do espazo e tratamento adecuado ás dimensións que acada.

Segundo os datos ofrecidos polo Segundo informe anual do Fondo de Becas Soledad Cazorla, un colectivo formado pola Fundación Mulleres dirixido por Marisa Soletto, sete de cada 10 mulleres asasinadas por violencia machista tiñan fillos menores de idade. Desde o ano 2013, perderon ás súas nais un total de 194 nenas e nenos a causa da violencia machista.

Non falamos soamente dos asasinatos aínda que cando se fai referencia á violencia machista nos medios sexa para informar deles. É moito máis que un asasinato e xa se empeza a manifestar en pequenos detalles desde o inicio das relacións. O control, a humillación, os insultos, os desprezos os golpes... Poucas veces sae nos informativos o proceso de manipulación por parte dos maltratadores ás vítimas e, en cambio, nárrese con todo tipo de detalle (da igual se son relevantes ou non para comprender os feitos) o desenlace, a morte.

A maioría dos medios de comunicación españois non contan con xornalistas especializados en información sobre violencia de xénero mentres que si contan con especialistas en economía, en política, en tribunais ou en deportes, entre outras seccións. A especialización dun xornalistas nunha temática depende da importancia que lle dea o medio a esa tema.

A violencia de xénero, desde o maltrato ata o asasinato, é o suficientemente importante como para que un medio conte cunha persoa experta que difunda as noticias dunha maneira adecuada e precisa sobre os asasinatos, que estea atenta ás formas de representación das mulleres que se divulgan no medio, que se encargue de informar e sensibilizar sobre o tema non só cando se producen crimes e que dea voz ás vítimas entre asasinato e asasinato.

As e os xornalistas especializados son necesarios para poder divulgar o terror que sofren as vítimas cos termos adecuados e para informar de maneira proporcionada, explicando

cun contexto as causas, consecuencias e a envergadura dun problema que lonxe está de ser resolto.

No século XXI, unha época na que as necesidades da sociedade están mudando continuamente, na que as novas tecnoloxías permiten que os usuarios reciban as últimas noticias nos seus dispositivos practicamente despois de que acontezan e na que prima a ‘espectacularización’ dos feitos por encima de todo, é o xornalismo especializado o que pode rematar cos estereotipos e penetrar na audiencia.

O xornalismo especializado aposta por unha formación do xornalista para poder transmitirle os feitos á audiencia contextualizando adecuadamente nun marco global e máis amplo a disciplina na que está centrado o seu traballo. Para Vicente Romano, a especialización é “o conxunto de actividades encamiñadas á recollida, elaboración, transmisión e recepción de información e coñecementos relativos a unha área concreta do xornalismo”.

No caso da especialización dende a perspectiva de xénero non se busca a creación dunha área ou subárea dentro dos contidos, senón todo o contrario. Non se busca falar dun contedor á parte, como as tradicionais publicacións dirixidas ás mulleres ou os suplementos que veñen cos xornais, onde se insiste na tríade de amor, beleza e fogar. O que se busca é unha aplicación transversal de xénero que implica o manexo dunha batería de ferramentas e coñecementos específicos cos que sacar á luz o androcentrismo e o sexismo na información que se inocule desde as diversas áreas xornalísticas.

As autoras de ‘El sexo de la noticia’ explican así a necesidade de incluír a perspectiva de xénero na información: “Que a información poña de relevo que homes e mulleres fomos socializados de maneira distinta e que, polo tanto, esta socialización introduciu á forza variables de comportamento, de actitudes, de valores, de crenzas, etc. E que esta disimilitude é relevante na información”.

Se mulleres e homes fomos socializados de maneira diversa e nos ataron a determinados roles e espazos que marcaron o masculino como xénero privilexiado, relegando o feminino ás marxes desapoderadas, á forza informar sacando á luz esas diferenzas de xénero ten que supor un extra de significado. (Puñal Rama & Álvarez Pousa, ‘A especialización xornalística desde a perspectiva de xénero: construíndo pontes transversais’. 2011. Rompendo Moldes, p.14-15).

Por unha banda, os medios necesitan xornalistas xeralistas formados en perspectiva de xénero que poidan aplicala sen problema ás informacións que se escriben día a día. Do mesmo xeito, tamén precisan xornalistas especializados que a incorporen á súa área específica de traballo, combinando a especialización do seu ámbito coa perspectiva de xénero. Necesítase que os medios lle dean voz ás mulleres e que se comprometan co cambio social e coa igualdade.

Tanto o xornalismo de xénero como o xornalismo especializado pertencen ao denominado 'xornalismo de sentido'. O xornalismo especializado serve como un instrumento integrador de coñecemento. Ademais de transmitir e divulgar ideas, enmárcaas no seu contexto social e indaga e analiza a realidade para ir máis alá do mero xornalismo de acontecemento. Así, o xornalismo especializado ten unhas características que fan que sexa considerado un bo instrumento de cambio social e unha das mellores opcións para informar sobre a violencia de xénero. Algúns dos seus aspectos destacados son os seguintes:

- O xornalista especializado conta cunha formación máis ampla que o xornalista xeralista. Sabe documentarse e non basea a súa profesionalidade nas primicias, senón que valora a relevancia dos acontecementos e sabe como tratalos.
- Centrándose na contextualización e na busca de fontes, usa a súa capacidade de interpretación e mediación cualificada para dotar de significado aos feitos situándoos nun contexto espazo/temporal axeitado.
- Deben ter en conta as fontes expertas, que no caso do xornalismo de xénero, soen ser investigadoras, científicas ou profesionais que aplican as teorías feministas aos seus ámbitos. É necesario a busca e contraste de fontes específicas que dean valor e veracidade ao relato.
- Adoita construír unha información non superficial, máis próxima aos feitos e resulta crible aos espectadores porque sabe usar o seu papel de mediador entre os coñecementos que aportan as elites do saber e a audiencia á que se dirixe.
- Garante máis independencia e veracidade que outros tipos de xornalismo.

- O xornalismo especializado diferénciase do xeralista, principalmente na formación e cualificación dos xornalistas. O especializado posúe unha rutina e uns niveis de coñecemento teóricos diferentes.

Por outra banda, a perspectiva de xénero permite loitar contra a invisibilización das mulleres tras esa suposta mirada neutral que fala de homes e mulleres como un colectivo único e indiferenciado. O uso de fontes expertas por parte do xornalismo especializado pode axudar á creación de conciencia e xeración de bases para o coñecemento e a conseguir un equilibrio social e democrático.

Ter en conta a perspectiva de xénero supón ampliar e afondar na realidade sobre as mulleres e os seus dereitos. Informar desde a perspectiva de xénero nos medios de comunicación implica cumprir varios requisitos (Pilar López Díez, 2011, p.88):

- I. A información elaborada baixo a perspectiva de xénero, tendo en conta tamén os intereses das mulleres, significa asumir a súa situación de discriminación e as consecuencias desta, nunha sociedade patriarcal.
- II. Significa cuestionar e combater a desigualdade na que se situou ás mulleres respecto dos homes.
- III. Observar e comprender como opera a dobre discriminación sobre homes e mulleres: por unha parte, a discriminación negativa cara as mulleres (invisibilizándoas e minimizando os seus logros e aportacións; culpándoas de sufrir violencia machista); e, por outra parte, a discriminación positiva cara aos homes (destacando os seus logros e desculpando os comportamentos masculinos reprobables). A perspectiva de xénero esixe que se lle poña fin á discriminación positiva do masculino e á negativa do feminino da que estamos a falar.

A perspectiva de xénero está dotada dun espírito político: aspira a transformar a realidade desde o obxectivo de lograr a equidade entre sexos. A profesora López Díez fixo unha síntese sobre as razóns e beneficios que ten incorporar a perspectiva de xénero utilizando os textos da Fundación Mulleres e Castro, ambas do ano 2003:

#### 1- Beneficios de carácter técnico

- a. Mellora a aproximación á realidade, perfilando as necesidades e afinando as propostas

- b. Mellora a previsión de resultados eliminando a posibilidade de impactos negativos e ofrecendo balances máis positivos
  - c. Eleva a calidade das intervencións
- 2- Beneficios de carácter político:
  - a. Contribúe ao logro dunha sociedade máis democrática ao buscar a igualdade entre sexos
  - b. A igualdade de oportunidades é unha cuestión de xustiza
  - c. Mellora da eficacia política, social e económica ao buscar a igualdade de oportunidades
- 3- Beneficios de carácter ideolóxico:
  - a. Contribúe a modificar o sistema de relacións persoais e colectivas, baseado no desequilibrio entre mulleres e homes
  - b. O principio de igualdade de oportunidades, presente na política da UE, é fundamental para acadar o éxito económico e a cohesión social

Os medios teñen que asumir procesos novos de traballo que permitan incorporar a perspectiva de xénero aos seus relatos. Os elementos son:

- Datos desagregados por sexo que amosen a realidade, tanto cualitativos como cuantitativos.
- Identificar as diferenzas de xénero e analizar as súas causas de forma diferenciada para poder analizar a situación de cada un dos sexos.
- Roles de xénero: é necesario analizar as funcións que desempeñan homes e mulleres para ver se teñen efectos sobre a noticia que se vai facer. Se algún dos dous sae prexudicado hai que modificar a información.
- Necesidades de xénero, tanto prácticas como estratéxicas. Hai que telas en conta para decidir sobre que se vai falar na noticia para cambiar, mellorar ou solucionar algún problema.
- Recursos: que beneficios vai ter a información que elaboramos para os receptores.
- Utilizar unha linguaxe non sexista
- As informacións deben estar elaboradas sempre pensando na igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

### **2.2.1.A metodoloxía do xornalismo especializado**

O xornalista encargado de informar sobre a violencia de xénero debe seguir unha serie de pasos para poder crear un relato propio do xornalismo especializado, no que se inclúe un contexto político, económico, social e cultural axeitado e no que exista un proceso de investigación profunda.

O xornalismo especializado é quen de ofrecer unha información sen faltar ao respecto ás vítimas e tratando con coidado a linguaxe utilizada. Para iso, utilizan a metodoloxía propia deste tipo de xornalismo e a súa gran capacidade de negociación coas fontes. Os contidos especializados son froito dunha estratexia operativa global que precisa dun cadro de traballo multidisciplinar.

A estratexia que seguen os xornalistas especializados é a que fai posible a produción de contidos especializados e, esta, cumpre cun alto grao de coherencia interna, está acoplada á realidade, cumpre coa pertinencia teórica e metodolóxica que requiren os diferentes ámbitos do saber humano ós que adscriba a realidade a investigar e selecciona tema que son relevantes para a sociedade neste momento.

Os xornalistas danlles ás mensaxes o tratamento que demanda a audiencia e grazas ao uso das técnicas propias do xornalismo especializado, conseguen profundizar, verificar e codificar os contidos de maneira adecuada. Tal e como indica Álvarez Pousa, aínda que cada área de especialización ten as súas propias técnicas, todas teñen a súa base na Teoría Xeral do periodismo Especializado.

Para a elaboración dunha información especializada xeral, os xornalistas intentan recompilar a información necesaria para elaborar os contidos especializados baseándose en:

1. O tratamento documental. É necesario unha primeira fase de documentación para poder afondar no tema a tratar e tamén é un dos procedementos nos que máis tempo invirta o xornalista. Se o proceso de documentación foi o axeitado, o xornalista contará con todos os elementos relevantes que inflúen directa e indirectamente sobre os feitos que serán contados aos receptores. Ao mesmo tempo, será quen de analizar en profundidade a realidade para facer unha interpretación con criterio.

2. Técnicas de indagación. O xornalismo especializado diferénciase do xornalismo de investigación en que o xornalismo de investigación indaga sobre acontecementos actuais e o xornalismo especializado afonda en asuntos que preocupan á sociedade, en problemas que están aí e que non teñen porque estar de actualidade.
3. Entrevistas e negociación coas fontes.

O xornalista emprega unha metodoloxía cuxas propostas básicas proveñen das técnicas e métodos que son propios das Ciencias Sociais. O xornalista especializado debe afrontar tres grandes procesos: o de profundización, o de verificación e o de codificación.

### **A. O proceso de profundización**

Todos os xornalistas, sen ter en conta o ámbito no que están especializados, deben ter en conta tres fases:

#### **- Primeira fase: o inicio da investigación. A hipótese**

Localízase e aclárase cal é a idea inicial. Debe ser un tema cuxa relevancia e actualidade xustifiquen a presenza do acontecemento na axenda xornalística. É a primeira fase do proceso metodolóxico a seguir. O xornalista, mediante diferentes métodos terá que ir recompilando datos e información para, unha vez chegado o momento, definir a hipótese do traballo que mellor se axuste á realidade que vai investigar. Á hora de levar a cabo os métodos que teñen como finalidade o esclarecemento da hipótese do traballo, hai que ter en conta:

- a) o seguimento que fan os medios desa realidade que se vai analizar, comprobando se tiveron presenza neles nalgún momento.
- b) Acudir a expertos no tema que axuden a situar e a enfocar o relato desde diferentes perspectivas.

Unha vez esclarecida a hipótese, hai que facer un estudo de viabilidade para comprobar a rendabilidade do tema, o tempo que se necesita para investigar e os discursos dos que dispoñemos de partida necesarios para levala a cabo. Segundo o resultado que obteñamos, decidírase se seguir adiante co tema ou non. Tamén é importante ter en

conta as prioridades da audiencia e do propio medio. Se o proxecto se pode levar a cabo, pasamos á segunda fase metodolóxica.

- Segunda fase: o plano de traballo e procedementos a seguir

O xornalista diseña o plano de traballo, concretando métodos e técnicas ás que vai acudir. Así, o xornalista poderá constatar cales foron as causas e consecuencias que motivaron os feitos dos que parte a investigación xornalística. Unha vez cubertos os obxectivos, o xornalista procederá a unha segunda fase de avaliación e verificación global. Nesta fase danse os seguintes pasos:

1. Reparto de tarefas (se se trata dun equipo de xornalistas encargados da investigación).
2. Avaliación dos métodos de traballo
3. Establecementos de límites e prioridades
4. Selección de fontes exclusivas
5. Relación de arquivos, fondos documentais e bibliografía

- **Terceira fase: a execución do plano de traballo**

Neste puntoponse en práctica o plano previamente deseñado. É o arranque da investigación en el dintínguense catro pasos que o xornalista debe dar ata elaborar de maneira definitiva o seu traballo xornalístico.

1. Documentación (background, verificación e contraste de datos e comprobar a fiabilidade da hipótese)
2. Observación directa
3. Relación/ negociación coas fontes especializadas (os expertos). Son necesarios para o estudo e análise dos documentos e informacións que necesitan ser interpretados polos expertos. O xornalista consegue afianzar o seu discurso e abrir novas vías de investigación.
4. Entrevistas coas fontes directa ou indirectamente implicadas (sexan expertas ou non). Hai que valorar o nivel de implicación das fontes nos feitos, elaborar un calendario de entrevistas, documentarse sobre os entrevistados e planificar a realización das mesmas.

## **B. Proceso de verificación**

Ten dúas funcións xerais: constatar a veracidade dos datos que o xornalista vai acumulando en cada unha das fases da metodoloxía de investigación propia do xornalismo especializado e, por outro lado, valorar en diferentes momentos do proceso de busca as decisións que debe adoptar segundo o resultado das investigacións. O obxectivo é comprobar se a hipótese (ou hipóteses) das que parte o xornalista é válida ou non. Para iso, baséase en:

- A análise minuciosa das características das fontes utilizadas
- Contraste da información con outras fontes (normalmente contrástase entre tres fontes)
- Trala selección e contraste de fontes, é necesario facer outra proba de verificación, xa que a aportación destas pode facer que se veña abaixo a hipótese.

## **C. Proceso de codificación**

É o último proceso da estratexia operativa global. Corresponde ao relato xornalístico especializado. Para que exista unha boa comunicación entre o relato e os receptores, é necesario a elaboración dun relato como resultado do proceso de selección, inclusión e exclusión, xerarquización e contextualización xornalística sobre uns feitos de actualidade. O relato especializado debe responder ás esixencias de produción e comunicación que, segundo a evolución da sociedade, se adecúe á época histórica correspondente.

O xornalismo especializado debe ser o que se encargue de cubrir os temas relacionados coa violencia de xénero seguindo as rutinas e a metodoloxía propios deste tipo de xornalismo, xa que é unha problemática social que está en auge actualmente e que se segue tratando como algo illado que acontece na vida privada, como un suceso, cando non debería ser así.

### **2.2.2.O xornalismo de sucesos e o xornalismo social**

No xornalismo, as noticias que informan sobre sucesos son as que máis atraen á audiencia. Ao tratarse de feitos que rompen coa rutina social e informativa, levantan un grande interese nos receptores. Son feitos que non se acostuma a ver nos medios e, ao producirse de maneira repentina, os sucesos priorizan as axendas dos xornalistas.

Os profesionais deben darse conta de que a parte de informar, á hora de tratarse de sucesos, teñen unha certa función educativa coa que se pretende provocar nesa audiencia unha maior sensibilidade, xa que na condición humana están moitas das respostas ao suceso en cuestión.

Tal e como dicía anteriormente, a selección das fontes é importante e, nos sucesos, non se debe utilizar só a información proporcionada polas fontes oficiais. É necesario recurrir a fontes expertas no tema e aos implicados para poder interpretar os feitos desde todas as perspectivas que sexa posible, explicando sempre o acontecemento desde a verdade e con claridade.

O xornalista especializado debe dar resposta coa construción do seu relato a todos os interrogantes do feito: as causas, as consecuencias, as razóns dos implicados, as consecuencias que terá o acontecemento para as vítimas ... para iso é necesario que utilice a metodoloxía propia do xornalismo especializado e que posúa coñecementos suficientes sobre o tema a tratar, neste caso, sobre a violencia de xénero, criminoloxía, dereito penal e procesal e psicoloxía.

Existen dúas maneiras de tratar os sucesos: de xeito riguroso, propio de medios de calidade, e de maneira sensacionalista, propia de medios sensacionalistas e, sobre todo, dos medios audiovisuais. A violencia machista a miúdo é tratada de maneira sensacionalista e como un caso illado. Á audiencia as noticias sobre asasinatos de mulleres a mans de homes cos que tiveron ou teñen algún vínculo de relación, cáusalles certo impacto, mais habendo noticias deste tipo todos os días, os medios aínda non enfocan de xeito correcto os seus relatos.

Segundo o profesor noruego, Johann Galtung, os medios de comunicación cometen unha serie de erros que é necesario corrixir para unha mellor formación da poboación e, sobre todo, para poder acabar ou polo menos diminuír a violencia:

1. Descontextualización da violencia: falan do suceso violento sen atender ás razón do conflito.
2. Dualismo: redúcese o número de bandos a dous, cando hai máis involucrados.
3. Maniqueísmo: mostrar un dos bandos como bo e o outro como malo.
4. Fatalismo: presentar a violencia como algo inevitable.
5. Enfoque simplificador: xustificar os actos individuais de violencia apelando a causas estruturais como a pobreza.
6. Confusión: centrarse únicamente na escena do conflito e non nos factores que inflúen na violencia.
7. Exclusiones e omisións: non se contextualiza con claridade e, polo tanto, non se explica por que hai actos de vinganza.
8. Non explorar as causas da escalada da violencia e o impacto da cobertura mesma nos medios.
9. Non explorar as metas dos intervencionistas de fóra
10. Non indagar propostas de paz e ofrecer imaxes de resultados pacíficos
11. Confundir ceses de fogo coa paz verdadeira
12. Omitir a reconciliación

Aínda que moitos destes erros non fan referencia á violencia de xénero, serven para por de manifesto que os medios de comunicación, en canto a sucesos se refire, deixan moito que desexar.

Despois de moitos anos ocultando un grave problema en España, que está presente a día de hoxe, a violencia de xénero pasou de ser un asunto privado a formar parte do debate público. Agora xa non son casos illados, senón que é un grave problema social. Os medios xogan un papel importante para conseguir que a cidadanía o vexa e o trate así, como un problema social e que non lle sexa indiferente ver nos telexornais asasinatos de mulleres a mans das súas parellas. Non basta con que a violencia de xénero estea presente nas axendas informativas e sociais, hai que mentalizar á poboación e afrontar o problema para conseguir que pouco a pouco se erradique.

Os xornalistas especializados deben darlle visibilidade e ir máis alá dos feitos para indagar e explicarlle aos receptores as causas, o porqué existe a violencia machista e que actuacións se deben ter en conta para previlo, sobre todo cando estamos a falar dun problema que levamos na sangue debido á educación machista que recibimos desde pequenos e aos micromachismos dos que estamos rodeadas e rodeados todos os días.

Cada semana hai máis dun caso de violencia contra as mulleres, que xa está catalogado como un problema social de primeira orde. Os políticos deben tomar medidas para evitar a aparición de novas vítimas e deixar claro que hai que rexeitar calquera variante de violencia que se estea producindo. Necesítase un cambio grande na educación para tratar o problema de raíz: desde pequenos educánnos nunha cultura tremendamente machista. Un claro exemplo, seguro que para moitos, insignificante, é o feito de que as tendas de xoguetes os separen en azul para os nenos e rosa para as rapazas; e xa non só iso, é que en pleno 2018, os xoguetes rosas seguen sendo bonecas, bebés, casas, aspiradoras, cociñas... todo tipo de xoguetes relacionados co papel ao que se relegou á muller durante tanto tempo: as tarefas do fogar e o coidado dos demais. Os nenos, pola contra, teñen todo tipo de xoguetes, desde barcos, avións, armas de fogo... O cambio social e cultural debe empezar na infancia.

Así, os medios teñen un papel importante porque son os que garanten o dereito a recibir unha información veraz e os que nos inculcan valores como a igualdade e a non discriminación.

Sen embargo, a cobertura que lles dan aos casos de violencia de xénero poucas veces é a adecuada. Os xornalistas tratan as informacións como un suceso illado, subestiman o dereito á intimidade persoal e familiar das vítimas e presentan un feixe de detalles que non serven máis que para ter máis visitas, xa que se trata de datos sensacionalistas como o xeito en que a matou ou datos persoais dos implicados.

O modelo patriarcal e androcéntrico da sociedade inflúe de maneira decisiva no tratamento que os medios lle dan á información sobre a presenza e a actuación da muller na esfera pública, que está dominada polos valores e polos roles predominantemente masculinos.

A perspectiva sexo/xénero ten unha repercusión clara no espazo privado – tradicionalmente feminino- e no espazo público –esferas de poder dominadas polos homes-. Por iso é necesario abordar esa realidade en termos de poder.

En definitiva, é necesario abordar os procesos de produción informativa cun xornalismo especializado desde a perspectiva de xénero e tratar os asasinatos e a violencia de xénero como un problema social, desde o xornalismo social e non desde o xornalismo

de sucesos, contribuíndo así a facer visible unha realidade desigual entre homes e mulleres e transmitindo novos valores á sociedade para acabar co problema.

Cando prima o criterio de notoriedade nos medios e non o de interese humano, as persoas (neste caso as vítimas de violencia machista) pasan desapercibidas ao ser tratadas como un suceso, como algo momentáneo. O xornalismo social encárgase de tratar ás persoas como suxeitos activos e de levar a cabo unha cobertura rigorosa en todo momento. Este tipo de xornalismo é o que pode concienciar á sociedade da gravidade do problema. Incluindo a violencia de xénero nas axendas informativas, ofrecendo unha visión máis completa da realidade, afondando nas causas e consecuencias e indagando na busca de solución, o xornalismo social pode favorecer a un mellor diálogo e comprensión sobre o tema nos diferentes ámbitos da sociedade.

Ademais, está comprometido co fortalecemento democrático e, polo tanto, coa busca dunha sociedade que conviva en igualdade. Á súa vez, é creador de cultura e axuda a diminuír a presenza de estereotipos e prexuízos, mellorando o respecto social, respectando as minorías e, sobre todo, ás persoas. Entre as características que definen ao xornalismo social, atópanse:

- Desenvolver a sensibilidade social ante os feitos
- Ser ético, honesto e tolerante
- Ser ordenado, sistemático e metódico
- Contar cun arquivo de casos, unha ampla listaxe de fontes e datos publicados sobre feitos transcendentales

Jaime Aróstegui, Marta Artiach e Carlos Gracia, todos eles profesores da Universidade de Zaragoza estableceron unha serie de puntos a seguir para os profesionais no seu traballo “Consellos para unha boa praxe do xornalismo social”. Algúns deles son:

- Deben ter en conta que están escribindo por e para a sociedade.
- Require unha gran labor documental e de selección de fontes
- As fontes deben ser variadas e numerosas, deben aportar información útil e veraz e nunca se debe escribir tendo en conta só as fontes oficiais.
- Hai que fomentar o espírito crítico dos lectores
- Na selección de fontes queda reflexada a opinión do xornalista.

- Busca aportar algo á sociedade, como a resposta ou a solución a algún conflito ou denunciar a existencia dun problema social que non estaba ben interpretado pola sociedade.
- A linguaxe empregada debe ser clara e concisa, entendible polo público.

### **2.3. A violencia de xénero e o tratamento xornalístico**

Como dicíamos antes, máis de 930 mulleres foron asasinadas a mans de máis de 930 homes nos últimos quince anos. Estamos a falar dun dos problemas máis graves aos que se enfronta España e a primeira causa de morte violenta. Incluso cando a banda terrorista Eta asasinaba, seguía sendo maior a cifra de mulleres vítimas da violencia de xénero (en corenta anos de historia, as vítimas do terrorismo foron 848 persoas fronte ás máis de mil mulleres asasinadas por homes desde o ano 2004. Sen embargo, a atención informativa que se lle dedicou aos crimes cometidos por Eta non ten nada que ver coa insuficiente cobertura da maioría dos medios á violencia de xénero.

A desproporción entre as dimensións da violencia machista e o seu tratamento nos medios de comunicación é o reflexo dunha percepción das mulleres como seres inferiores aos homes. En moitos casos segue existindo a idea de que se unha muller é maltratada é porque ‘algo faría’. Está tan asentada na nosa sociedade que moitas mulleres padécena e non son conscientes.

Unha parte da sociedade aínda pensa que a violencia física, psicolóxica ou verbal ás súas parellas é o propio dunha relación. Pode considerarse un problema grave cando actualmente hai adolescentes que controlan os móbiles e vestimenta das súas parellas. Os rapaces indícanlle o que deben vestir e cando o deben facer. Moitas adolescentes non son conscientes de que están sometidas a unha violencia psicolóxica por parte das súas parellas ata que a policía ou os médicos llo din.

Situámonos ante unha violencia machista tan asentada na sociedade, nos usos, palabras utilizadas diariamente e costumes desta que non é percibida como unha anomalía, senón que é aceptada con total normalidade. A violencia machista refléxase nos chistes e expresións e en conductas que se adoptan como algo que está ben porque leva sendo así durante moitos anos, como por exemplo, considerar que os celos do homes son unha mostra de cariño á muller ou o antigo pensamento (aunque hai quen o segue mantendo a día de hoxe) de que: ‘o meu marido pégame o normal’.

Os medios de comunicación non soen abordar os asasinatos contra as mulleres de maneira proporcionada e acorde coa gravidade dun problema que acaba coa vida de máis de 50 anos cada ano. Os xornalistas deben ser quen de escoller as palabras correctas á hora de informar sobre o terror que sofren as mulleres, chamar ás cousas

polo nome e non caer en estereotipos nin no uso da linguaxe herdada e habitual, tantas veces machista. Sen embargo, a miúdo se utilizan expresións que non serven para abordar os crimes como un problema, tales como ‘crime pasional’, ‘violencia doméstica’ ou ‘compañeiro sentimental’ e tamén se poden ver imaxes que banalizan e converten en espectáculo a violencia de xénero.

Os medios soen darlle un enfoque morboso ás noticias, buscando testemuñas que pouco aportan, como por exemplo, os veciños do edificio dicindo que o asasino era boa persoa porque sempre saudaba polas escaleiras. En definitiva, tratan os asasinatos como se fosen un suceso, como se fosen casos illados vinculados ás características de ambos individuos, como se só afectase a esa parella. Non sempre se tratan estes asasinatos como violencia de xénero.

Nas noticias sobre violencia de xénero, poucas veces se fai referencia ao home como ‘asasino’ e, a miúdo se poden atopar enunciados como ‘un novo caso’ ou ‘morreu unha muller’ para describir o asasinato. En primeiro lugar, non se pode falar de ‘un novo caso’ porque aínda que a violencia de xénero non está situada na axenda informativa da maioría dos medios españois na medida na que debería, situámonos antes un problema grave que está presente no día a día de moitísimas mulleres e, ademais, non é só problema delas, senón de toda a sociedade. E, en segundo lugar, a muller non morreu, é asasinada por un home simplemente polo feito de ser muller.

Outra das cuestións mencionadas polos autores das informacións é o feito de que a muller denunciara ou non ao seu asasino. De non habelo denunciado, estéselle outorgando certa responsabilidade á vítima da súa propia traxedia cando hoxe en día, e sobre todo, antes de darse a coñecer o caso de Ana Orantes, os recursos que poñen á disposición das vítimas de violencia de xénero son insuficientes para protexelas dos seus acosadores.

Os medios deben axudar a paliar este problema social e insistir na necesidade de apoios e na implicación do entorno próximo que as vítimas necesitan. É necesario que a cidadanía se dea conta do medo que sofren moitas mulleres ameazadas, que sofren en silencio día a día nos seus fogares e que non se atreven a denunciar. Sufrir en silencio e soidade é algo habitual nestas circunstancias. Mulleres que conviven cos seus maltratadores e non os denuncian por medo a que lles fagan dano a elas ou aos seus

fillos. Ás veces, cando por fin dan o paso de denuncialos, son asasinadas, como lle aconteceu a Ana Orantes no ano 1997.

A maneira de informar sobre a violencia contra as mulleres ten que ver cos ‘marcos’, un termo utilizado por George Lakoff no seu libro “Non penses nun elefante. Linguaxe e debate político” (2007). Os marcos de referencia conforman o que Lakoff denomina ‘inconsciente cognitivo’. Son estruturas mentais asumidas polo sentir común e que orientan a nosa maneira de ver e entender o mundo.

Os marcos coñecémolos grazas á linguaxe. Ao escoitar unha palabra, inmediatamente a relacionamos cun ‘marco’. A maneira que ten a sociedade de percibir a violencia de xénero ten que ver con ‘marcos’ tradicionais e estereotipos aceptados. Cambiar de marcos implica cambiar o xeito que teñen as persoas de entender o mundo. Así, os novos marcos necesitan unha nova linguaxe. A maneira de informar sobre a violencia de xénero ten que ver cun marco cognitivo que se foi establecendo co paso das xeracións. Segundo este marco, as mulleres son seres inferiores e secundarios e os homes son os protagonistas. Ata non fai moito, pegarlle á muller era considerado normal por moita xente porque existe un marco que, de non cambiarse, xustifica e defende a dependencia e desigualdade entre unhas e outros. (José María Calleja, 2014, p.15)

Para cambiar a idea que se ten sobre a violencia machista exercida sobre as mulleres deberase comezar por mudar as palabras utilizadas á hora de elaborar as informacións para poder informar dun xeito proporcionado e coherente. Así, debemos mudar certo tipo de palabras que á larga teñen, en palabras do filósofo Vítor Klemperer (2001), un efecto ‘tóxico’. Entre este tipo de palabras encóntranse:

- **Crime pasional.** Estas dúas palabras empregábanse habitualmente durante a ditadura franquista para falar sobre o asasinato dunha muller a mans dun home co que mantiña unha relación. Nesa época o feito de amar a un home implicaba ter que soportar en silencio todo tipo de humillacións, insultos e golpes. Cando se producía o asasinato dunha muller por parte do seu home, falábase de crime pasional, a miúdo na páxina de sucesos, e nunca se mencionaba ao home como un asasino. O feito de ser ‘pasional’ libra ao home da responsabilidade criminal. Aínda que se trata dun termo usado entre os anos 40 e os 80, utilízase nalgún medio para ‘xustificar’ o asasinato dunha muller a mans da súa parella. Pola contra, non se debería empregar esta expresión, xa que exculpa ao asasino dun

crime que cometeu como consecuencia da violencia de xénero e non, como indica a expresión, como un arrebatado emocional ou un acto de amor extremo. Un exemplo de tratamento da violencia de xénero como ‘crime pasional’ foi o tratamento do asasinato de Almudena Márquez, de 13 anos, a mans de Juan Carlos Alfaro, de 39, en Albacete, o 20 de decembro de 2012. Na información publicada por La Razón, o 23 de decembro dese ano, en ningún momento se calificou ao home como un asasino, senón que se apelou a el como unha persoa que estaba ‘louco pola rapaza’ e que ela tiña un perfil sinistro no Facebook á vez que proviña dunha familia ‘desestruturada’.

- **Compañeiro sentimental.** Termo utilizado para referirse ao home que asasinou a unha muller coa que compartía vivenda ou tiña unha relación, mais non estaban casados. Esta expresión séguese usando a día de hoxe pese a non ser de todo correcta, xa que un home que mata á muller coa que vive non pode ser o seu compañeiro sentimental porque ela non compartiu as mesmas ideas nin os mesmos sentimentos ca el, pola contra, non estaría morta.
- **Violencia doméstica.** Refírese ao asasinato dunha muller a mans dun home. Ao lado de ‘crime pasional’, esta expresión implica un avance no sentido de que non busca xustificar os actos do asasino. O termo fai referencia a unha violencia que se vive dentro do fogar, derivando o problema a un ámbito particular e privado. Parece que ao ser ‘doméstico’ se fala de algo menor, sen importancia. Non son as palabras precisas para reflexar a grave realidade porque non acusa como criminal ao suxeito que exerce o maltrato. Algúns exemplos son os titulares: ‘Octavo caso de violencia doméstica’ (La Razón, Madrid, 28 de setembro de 2013) ou ‘Unha parella morta nun pobo de Lugo nun novo caso de violencia de xénero. Os falecementos producíronse cunha arma para disparar que puido modificar o marido.’ (El Heraldo, Foz, 25 de abril de 2014). Cabe engadir, que o Partido Popular modificou o Código Penal (2015) e cambiou a expresión ‘violencia de xénero’ por ‘violencia doméstica’.
- **Violencia de xénero.** O uso desta expresión consagrouse nos medios de comunicación a partir da aprobación da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral Contra la Violencia de Xénero, aínda que xa se usaba con anterioridade. Este termo levantou diferentes polémicas debido a que a palabra ‘xénero’ coincide coa palabra gramatical que diferencia entre o masculino e o feminino. Deste xeito, ao falar de violencia de xénero poderíase facer referencia

á violencia que unha muller pode exercer sobre un home e non só ao revés. Violencia de xénero parte da idea de que os homes son os que maltratan ás súas parellas e que, en numerosos casos, as matan cando senten que xa non son ‘súas’, cando os denuncian ou cando se queren divorciar.

- **Violencia machista.** É o termo máis recente que adoptaron os medios para referirse á violencia de xénero e así evitar as polémicas xurdidas co ‘xénero’ masculino e feminino. Recalcan así que a persoa que exerce a violencia é un home. Todo tipo de violencia de xénero é violencia machista. É unha violencia sustentada nun mundo desigual onde as mulleres e o feminino se ven subordinadas ao dominio masculino. Alude á maneira de pensar e ao comportamento dos homes que a exercen, denunciando a causa fundamental da violencia de xénero: a desigualdade e asimetría nas relacións. A violencia machista sitúa certos pensamentos como o xerme dos asasinatos e os malos tratos.
- **Violencia excesiva.** É unha expresión que apenas sae nos medios porque non soen falar da violencia de xénero se non remata en asasinato. O home que exerce violencia excesiva contra a muller é para deixarlle claro como debe comportarse trala malleira. Os golpes son para marcar territorio e establecer quen é o que ten o poder na relación. A violencia excesiva é o uso dunha violencia desproporcionada contra a muller respecto do feito que a provocou. Deste xeito quédalle claro que no futuro debe asumir o papel dunha esposa exemplar, dominada, subordinada e pendente do seu marido en todo momento. O home crese superior e cando a muller se atreve a contradicilo colle calquera instrumento que atope preto del e golpéaa para castigala. Ademais diso, as palabras coas que a humilla, a menospreza e a ridiculiza son as que máis dano causan na vítima.
- **Violencia vicaria.** Denomínase así á violencia que exerce o home maltratador contra os fillos que ten en común coa muller para castigala e facerlle dano. Danar ás mulleres asasinando aos seus fillos nos períodos nos que o maltratador goza da custodia compartida é algo que ten pasado en máis dunha ocasión. Un claro exemplo é o do ‘caso Bretón’ (2011). José Bretón non acepta que a súa muller, Ruth Ortiz, queira separarse del e decide asasinar aos seus dous fillos pequenos para vingarse dela, causándolle así o maior dano posible.

Desde o ano 2015, a Lei da Infancia reconece aos menores como vítimas de violencia de xénero, pero as nais quedan en situación de desamparo, non son recoñecidas como vítimas directas da violencia de xénero. As nais dos fillos asasinados polos pais maltratadores non figuran nas estatísticas oficiais nin tampouco nas de violencia machista.

- **Terror contra as mulleres.** Reflexa graficamente a situación na que viven moitas mulleres sometidas ao maltrato, á humillación, ao desprezo e aos golpes e ameazas, que son as bases nas que se sustentan os asasinatos.

Resulta complicado poder describir o que sente unha muller á que a desprezan e recibe golpes todos os días. Non existe unha palabra concreta que faga referencia á angustia, á situación de terror provocado por alguén que te controla, te insulta e che pega porque te considera parte da súa propiedade, porque te considera inferior e considera que el é o teu dono e o que decide cando debes falar ou estar calada. Definitivamente estamos a falar dunha situación de terror diario. Terror contra as mulleres relata o proceso que viven as mulleres antes de ser asasinadas.

En resumen, as palabras adecuadas á hora de falar sobre a violencia de xénero son os termos ‘violencia machista’ e ‘violencia de xénero’. ‘Terror contra as mulleres’ tamén se pode usar cando se fala da complicada situación de terror na que se encontran as mulleres día a día. No que respecta aos vocábulos ‘crime pasional’, ‘compañeiro sentimental’ e ‘violencia doméstica’ non deberían usarse á hora de elaborar as informacións.

‘Violencia excesiva’ e ‘violencia vicaria’ son termos dos que si se debería falar nos medios de comunicación, xa que as persoas deben estar ao tanto dos tipos de violencia que existen e que os homes exercen sobre as mulleres. Hai quen pode estar sufrindo violencia de xénero e, por falta de información e concienciación da poboación, non saber que é unha vítima.

A televisión é a principal fonte de información para millóns de persoas e, para moitas delas, a realidade é o que sae na televisión. A imaxe da violencia de xénero e o papel da muller na sociedade non só se crea nos programas informativos, senón que a maneira de abordar os casos nos programas de entretemento tamén son decisivos á hora de crear unha imaxe adecuada sobre as mulleres.

En moitos programas de entretemento téndese a ofrecer unha imaxe inadecuada do papel das mulleres, un papel secundario e dependente, reforzando así os mitos unidos 'ao feminino'. Todos os días podemos ver diferentes programas de televisión cheos de mulleres-objecto ás que se lle priva de calquera autoridade no ámbito do coñecemento.

Neste tipo de programas banalízase a violencia de xénero, ofrecendo testemuñas que a converten nun espectáculo e sen tratala coa seriedade pertinente.

A publicidade tamén xoga un papel importante na creación da imaxe da muller. A pesar de que nos últimos anos a maneira de anunciar os produtos cambiou de certo modo e moitos anunciantes apostan pola converxencia de xéneros, aínda se poden ver anuncios que mostran ás mulleres como 'reinas' do espazo doméstico e comprometidos co coidado dos demais. Tampouco faltan os anuncios onde as mulleres son tratadas como un obxecto sexual, un obxecto de desexo, en vez de aparecer como suxeitos creativos, independentes e con poder de decisión.

Na publicidade sobre produtos de elite e de estética coidada, baseada no impacto e na provocación, utilízase o corpo feminino como protagonista de escenas sen límite nas que se suxire a través de xogos eróticos de dominación situacións que insinúan violencia. Un claro exemplo foron as campañas de Dolce & Gabbana que evocaba á violación dunha muller ou a campaña dos anos 90 do perfume Obsession 'for men' de Calvin Klein anunciada por Kate Moss, na que aparecía como unha nena espida e famélica. Ambos foron retirados das pantallas despois de recibir varias denuncias nas diferentes plataformas habilitadas polos Institutos da Muller e o Ministerio.

É necesario insistir en que se fagan campañas de sensibilización para mentalizar á poboación das consecuencias nefastas que pode supoñer que nos medios de comunicación aparezan certas representacións inadecuadas das mulleres.

Pierre Bourdier en 'A dominación masculina' (2000) refírese á violencia simbólica como unha acción racional na que o dominador exerce un modo de violencia indirecta, invisible, implícita, non física, en contra dos dominados, que non son conscientes dela, co cal, vólvense cómplices desa dominación á que son sometidos. Os seus efectos son reais e permiten sustentar un mundo baseado na asimetría e nas relacións desiguais entre mulleres e homes.

Se entramos no tratamento que fan os medios sobre os acontecementos sobre a violencia de xénero, podemos dicir que queda moito por facer. Pese a que houbo un cambio na ciencia social, non se pode considerar que as noticias estean sempre ben enfocadas ou situadas na sección correspondente.

José María Calleja defende que os asasinatos de mulleres non son sucesos aínda que ás veces aparecen na mesma sección que a detención duns atracadores. Tampouco son espectáculos, pese a que se narren cun ton sensacionalista na televisión e non se ofrezca unha información exhaustiva e proporcionada. O habitual é que se dean detalles que non falan sobre a gravidade do asunto senón que buscan causar impacto nos receptores, engadir morbo para gañar audiencia. En ocasións, tampouco se respecta a imaxe da vítima, publicando ou emitindo imaxes da muller asasinada no lugar do crime. Exemplos publicados o 29 de outubro de 2010, na sección “sucesos” do xornal ‘El Mundo’:

*Enterrou o tronco e levou a cabeza e as extremidades á manda das cacerías. O asasino da muller embarazada botoulle aos cans os restos da vítima. Confesou que a descortizou nas dependencias da carnicería que rexentaba. A vítima estaba embarazada de sete meses e tiña outros tres fillos. (...) Confesou que lle botou a cabeza e as extremidades aos cans para que comesen mentres que enterraba o tronco nunha nave da súa propiedade.*

A este relato, o xornal 20minutos engadía:

*(...) partiu en anacos o cadáver e deulle a cabeza e as extremidades aos cans para que comeses.*

‘La Vanguardia’ detalla aínda máis o acontecido:

*“meteu en bolsas os restos do corpo da súa parella para darllas aos cans. (...) As Forzas de Seguridade do Estado só atoparon restos da muller, de orixe colombiana e en avanzado estado de xestación”.*

Moitos medios fan da información un espectáculo, banalizando o mal que supoñen os asasinatos das muller a mans dos homes cos que teñen un vínculo de relación. É necesario que os xornalistas engadan un contexto e unha interpretación adecuada dos feitos, que non poden ser tratados como un suceso nin como un espectáculo.

Existen medios nos que se fai mención da violencia de xénero como unha lacra. Isto non é así. Nin é unha lacra nin unha enfermidade. O que teñen que explicar os xornalistas é que a violencia de xénero, as humillacións, os golpes, os malos tratos, os insultos e os desprezos son a consecuencia dunha estrutura social e cultural sustentada polo patriarcado. Esta sociedade patriarcal foi a que permitiu desde fai moito tempo a desigualdade entre xéneros, algo que se foi naturalizando e consolidando. O maltrato ás mulleres existe porque está presente o machismo.

‘Un caso máis’ ou ‘un novo caso’ non é a maneira correcta de tratar as informacións sobre os asasinatos de mulleres. Deste xeito estamos restándolle importancia a un grave problema social. A palabra ‘caso’ supón que se engadan os feitos na sección de sucesos e se trata a noticia como algo alleo ao resto da poboación.

Na noticia sobre a muller embarazada asasinada a mans da súa parella, mencionada con anterioridade, podemos ver como ‘La Vanguardia’ detalla que era “de orixe colombiana”. Cabe deixar claro que cada día hai miles, por non dicir millóns, de testemuñas sobre malos tratos, insultos, ameazas e desprezos a mulleres por parte das súas parellas, ex-parellas ou mozos de todas as partes do mundo. A violencia de xénero non entende de culturas nin de clases sociais ou económicas. As mulleres que sofren violencia de xénero non son sempre estranxeiras e cun baixo nivel cultural. O problema afecta ás mulleres en xeral, co cal, é irrelevante facer mención ao seu país de orixe, ao seu nivel económico ou cultural.

Da mesma maneira, tampouco é necesario dicir que o asasinato se produce ‘nunha familia normalizada (formada por nai, pai e fillos)’. Este tipo de situacións son igual de normais en familias ‘normais’ como en familias ‘desestructuradas’. Non se pode dar a entender que, ao estar separados, fose normal o acontecido.

As mulleres non morren, son asasinadas. Dificilmente vemos no medio titulares como ‘Un home asasina á súa muller’. A miúdo se encontran titulares como ‘morre unha muller tras ser agredida pola súa parella’ ou ‘unha muller foi asasinada’. Neste tipo de informacións non se mencionan aos suxeitos con claridade e contundencia como si se fai noutro tipo de noticias nas que hai vítimas e asasinos, como por exemplo, os atentados terroristas. O xornalista non se sitúa contundentemente a favor da vítima no seu discurso, algo que si debería facer.

Non existe nada que xustifique o crime e, por suposto, nunca se debe culpabilizar á vítima. Non obstante, existen moitos medios nos que se fala sobre a aparencia física da vítima (nova, atractiva, ía maquillada) ou se di que era prostituta, como se este tipo de detalles penalizasen menos o crime. Con certo tipo de descrições parece que se quere culpabilizar á vítima. O feito de que sexa ‘gótica’, vaia ‘ben maquillada’, ou fose ‘colombiana’ non lle dá sentido ao asasinato. Tampouco o fai falar das diferenzas de idade nin o feito de que o home estivera ‘louco de amor por ela’, xa que así estamos entrando no que denominamos con anterioridade ‘crime pasional’ e estase restando importancia ao asasinato para velo como algo alleo á sociedade e como un problema entre unha parella.

A idea de que as mulleres son as que provocan que lle peguen segue estando presente na sociedade en pleno século XXI. Cando un home agrediu á súa parella, moita xente segue pensando que ‘algo faría’. Este pensamento deixa moito que desexar e, por iso, os medios deben encargarse de erradicalo. Non son as mulleres as que buscan que lle zoupen.

Outro dato que tenta culpabilizar á vítima é a información sobre as denuncias ao agresor. Dicar que non denunciara con anterioridade dá a sensación de que é unha forma de facela cómplice do asasinato. Parece que a día de hoxe, cando xa levamos 11 mulleres asasinadas no que vai de ano e que a última vítima foi asasinada onte a mans da súa ex-parella (a 30 de abril de 2018), aínda non nos colla na cabeza que o paso de poñer unha denuncia é moi complexo. As vítimas de violencia de xénero están anuladas e totalmente manipuladas polo seu agresor e hoxe en día no noso país interpoñer unha denuncia non che asegura protección total. De todos os xeitos, existen mulleres que denuncian por malos tratos e son asasinadas.

Un bo exemplo é o que sae a día de hoxe nos medios: ‘Detido un home por matar á súa ex-parella en Burgos. O presunto asasino tiña unha orde de afastamento despois de que a vítima o denunciara por malos tratos’. (El País. 30/04/2018). Hai que ter en conta cando é relevante especificar se había denuncias previas ou non e, mencionar o poder que teñen os maltratadores sobre as súas vítimas: pasan dos insultos e golpes a pedir perdón chorando, fan chantaxes para que non os denunciem e aseguran que van cambiar tantas veces que ás mulleres non lles resulta fácil saír dese estado de ‘anulación’ e facer

unha vida nova. Así, o xornalismo debe relatar os feitos empatizando coas vítimas de violencia de xénero sen caer nun ton paternalista e compasivo.

Non existe ningún argumento que exculpe ao asasino. Non é comprensible que non exista un contexto nas informacións no que se explique de que maneira se desenvolve a violencia de xénero e si que existe un onde se intenten dar as razóns polas que o asasino comete o crime. ‘Estaba deprimido’, ‘estaba bébedo’ ou ‘en paro’ son maneiras de describir aos homes que exculpan ao home dos seus actos. A miúdo se di que matou á muller porque o quería abandonar ou porque quería separarse del. Os medios, ás veces, cunha testemuña ocasional e subxectivo exculpa no titular ao asasino.

Un exemplo é a noticia que sae no xornal ‘El Mundo’ o 12 de decembro de 2014: ‘Morre unha anciá que estaba en coma tras ser agredida polo seu marido. O marido, que nunca mostrou actitudes violentas, non é consciente do sucedido.’ Tampouco axudan as testemuñas dos veciños dicindo cousas como ‘era moi bo, saudaba sempre’, xa que un home non está maltratando as vinte e catro horas do día. Por suposto que saúda, ten vida, un traballo e amigos pero unha cousa non saca a outra. De portas para dentro ninguén sabe de que maneira pode tratar á súa parella, co cal, débense evitar usar ese tipo de imaxes. Non todas as testemuñas serven. Débense seleccionar e xerarquizar as declaracións dos veciños ou achegados sen dalos todos por bos.

Os xornalistas teñen o deber de informar aos cidadáns sen faltar á verdade. Ao mesmo tempo son os que inflúen e conforman a opinión pública. É por iso que deben comprometerse cos cidadáns para acabar coa violencia de xénero.

Máis de 900 mulleres foron asasinadas a mans de máis 900 homes nos últimos quince anos e case ningún medio soubo explicar que estes crimes son a consecuencia dunha estrutura social que permite as relacións asimétricas. Todo é debido a unha sociedade patriarcal na que se consolidan valores e estereotipos diferentes para os homes e as mulleres, construíndo así unha sociedade desigual na que a muller está subordinada ao poder masculino.

É importante situar a violencia contra as mulleres na axenda informativa e na axenda política como un asunto prioritario e, sobre todo, como un dos problemas máis graves que afecta a sociedade española.

As palabras crean a realidade e a realidade cambia coas palabras. Escoller ben os termos que se van usar para describir a realidade é o máis importante, xa que hai mulleres que aínda están descubrindo o que lles está pasando a elas mesmas ou a alguén que coñecen. A través das palabras ou expresións utilizadas nos medios poden darse conta de que a súa situación non é normal e intentan cambiala.

O que a miúdo aparece nos medios sobre a violencia de xénero son os asasinatos, que son a última forma na que se esta se manifesta. A violencia de xénero, como se dixo anteriormente, non son só asasinatos. Antes diso, as mulleres que sofren malos tratos foron desprezadas, humilladas, insultadas, tratadas como obxectos e golpeadas en innumerables veces. Ademais, non todos os casos de violencia de xénero rematan en asasinato nin todos os asasinatos de mulleres son debidos á violencia de xénero. Por iso, a prensa, a radio e a televisión deben falar dos distintos tipos de violencia que inclúe a violencia de xénero (psicolóxica, física, sexual, económica e simbólica).

Debe haber informacións entre cada asasinato e non só informar dos crimes como está acontecendo na actualidade. Só existen reportaxes nos días posteriores ao asasinato. Non hai reportaxes que falen sobre o medo das mulleres, dos recursos dos que dispoñen nin dos diferentes tipos de violencia de xénero que existen. A violencia de xénero non debería aparecer nos medios só cando hai un asasinato nin pode restrinxirse ao golpe, ás puñadas ou ao crime.

As imaxes que saen na televisión soen darse por boas, por verdade absoluta, e por iso os xornalistas teñen que escoller as imaxes, as testemuñas e as palabras con responsabilidade, evitando as imaxes sensacionalistas, morbosas ou que supoñan para as vítimas un dobre dano.

As mulleres necesitan aumentar a súa presenza en todos os ámbitos da televisión e ser representadas sen cumprir os estereotipos e roles tradicionais impostos. A pesar diso, parece que queda un longo camiño por percorrer para chegar á equidade.

Tal e como indica a xornalista e investigadora de RTVE, Pilar López Díez (2011) a violencia de xénero non tivo cabida nas axendas informativas ata 1997, ano no que foi asasinada Ana Orantes pola súa ex-parella. A pesar de que, como xa se fixo mención en varias ocasións, é un problema que existe desde moito antes, ata que a partir dos anos

70 as feministas comezaron a manifestarse, non se facía nada por solucionalo. Foi entón cando os políticos, a ONU e os medios comezaron a darlle voz e a tomar medidas.

A propia ONU (Declaración da ONU sobre a Eliminación da Violencia de Xénero contra a Muller; Resolución da Asamblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993) define a violencia contra as mulleres como “todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual ou psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade para as mulleres, xa se produza na vida pública ou privada. Pode ser distintas formas:

- Violencia física, sexual e psicolóxica na familia, incluídas as agresións físicas, o abuso sexual das nenas no fogar, a violación polo marido, a mutilación xenital e outras prácticas tradicionais que atentan contra as mulleres, a violencia exercida por persoas distintas do marido e a violencia relacionada coa explotación
- Violencia física sexual e psicolóxica no seu entorno social, que inclúe as violacións, abusos sexuais, acoso e intimidación sexual no traballo, nas institucións educativas e en outros ámbitos, o tráfico de mulleres e a prostitución forzada.
- A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado.”

Escribir sobre a violencia de xénero é complicado debido aos diferentes significados culturais que existen entre ser home ou ser muller e as relacións que manteñen entre eles. Por norma xeral, tal e como indica Pilar López, solemos escribir sobre os temas seleccionando o que a cultura na que medramos escolleu por nós. Desta maneira, os medios españois soen escribir utilizando os estereotipos culturais construídos sobre as mulleres, que as representan como mentiranas, caprichosas, pasivas, tontas, manipuladoras... e os homes como intelixentes, activos, independentes... Por iso non é motivo de sorpresa que en moitas ocasións se culpe á vítima da violencia de xénero que sofre, usando frases como: “Tiña que habelo denunciado porque non consta que fixera nada parecido antes” ou “ela estaba en actitude cariñosa cun veciño”. Por norma, soe exculparse ao asasino mediante o uso dos estereotipos culturais con frases como: “tiña depresión e tentou suicidarse, o que desencadeou a ira contra a súa muller”. (2011, Género y Comunicación, p. 78)

A representación é o proceso mediante o que a realidade toma significado. O significado social da violencia de xénero constrúese diariamente a través dos relatos que difundes

os medios. A audiencia coñece a realidade a través das palabras que utilizan os medios para redactar as noticias, e por iso é importante que se faga un uso adecuado dos termos e se conten as historias de xeito que non se estean transmitindo valores negativos nin estereotipos. O que se destaca nas informacións, os leads, os titulares o corpo e o contexto no que se sitúe ao lector van ser os que o doten dun significado ou doutro.

A violencia de xénero a miúdo se trata como algo que ocorre todos os días e que non ten máis importancia. Ao longo da historia foise inculcando que a muller deben ser castigadas se non cumpre co que se espera dela. Isto váisenos metendo na cabeza desde que nacemos: cos contos, as cancións, o cine ou a publicidade. Os medios non se quedan atrás, e é que levan anos banalizando a violencia masculina e sinalando ás mulleres como as provocadoras.

Estamos no ano 2018 e moita xente, incluíndo os profesionais, non comprenden que a responsabilidade recae ao 100% no maltratador, na parte masculina. A sociedade ten que comprender que, ao igual que os terroristas, os maltratadores deben ser illados e, este debe ser o fin último dos medios de comunicación na súa loita contra a violencia de xénero.

### **Como se debe tratar a información sobre violencia de xénero**

En Galicia, o 16 de outubro de 2004, o Observatorio Galego dos Medios, creado no seo do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, convocou as xornadas ‘Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres’, na que os alí presentes asinaron un escrito denominado: ‘A Declaración de Compostela’ que elaborou o Colexio Profesional de Xornalistas para que os medios galegos traten os casos de violencia de xénero con responsabilidade e rigorosidade. Os medios e xornalistas alí presentes asinaron o documento (en total foron 77 persoas que o asinaron con nome propio) asumindo a responsabilidade de elaborar informacións sobre casos de violencia de xénero seguindo o protocolo e as pautas que nel se expoñen (Colexio de Xornalistas de Galicia. A Declaración de Compostela, 16/10/2004):

1. A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

2. Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.
3. Os xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.
4. Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.
5. Afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques destinados aos sucesos.
6. Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo -tanto no tratamento do texto como das imaxes-, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”.
7. Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, absténdose de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento.
8. Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).
9. Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que afrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

10. Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen – casas de acollida, asesoramento psicolóxico, trámites xudiciais...- para afrontar a súa situación con garantías.
11. Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuizados e tópicos ligados á violencia contra as mulleres: - os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito.
  - a. os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais.
  - b. a vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice. - o agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidade.
  - c. a linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, hai que desbotala dos relatos xornalísticos.

Falo da Declaración de Compostela porque é un documento que nos toca de preto, mais cada medio soe dedicar un apartado (uns máis curtos e outros, máis detallados) sobre o tratamento da violencia machista. O Colexio Audiovisual de Andalucía tamén lanzou no 2016 unha Guía para o Tratamento Informativo da Violencia de Xénero para evitar as malas prácticas á hora de elaborar os relatos.

O xornal ‘La Voz de Galicia’ tamén inclúe medidas, aínda que, baixo o meu punto de vista, escasas, sobre o tratamento da violencia de xénero. Así, recomenda facer uno dos termos, violencia de xénero, violencia doméstica, familiar, contra a muller, conxugal, violencia de parella, machista, sexista ou por razón de sexo segundo os casos aos que se refira. O termo de violencia de xénero non debería ser incluído nesas recomendacións. Seguido, fala sobre o uso da linguaxe para referirse á Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, á cal tamén denominan ‘lei de violencia doméstica’. Inclúe a explicación sobre a diferenza entre sexo e xénero e as maneiras correctas de designar a violencia de xénero: violencia contra as mulleres, violencia machista, violencia de parella, violencia por razón de sexo e, a cuestionable, violencia doméstica.

En canto á literatura, existen varios libros sobre cómo informar sobre a violencia de xénero. Entre eles, podemos destacar o de Javier Fernández Arribas e os de José María Calleja.

“Como informar sobre violencia contra as mulleres nas relacións de parella” (2011) é o título do libro de Fernández Arribas. Esta obra mostra unha clara intención por mellorar a situación das mulleres en el inclúe unha serie de recomendacións para os xornalistas encargados destes temas, entre elas: salvagardar a intimidade, coidar a linguaxe, deixar claro que as vítimas teñen ferramentas e servizos á súa disposición, non politizar... Lanza unha serie de valores que deberían estar presentes na sociedade á vez que deixa claro que as medidas que hai son ineficaces.

“Informar sobre a violencia contra as mulleres” é o nome do libro publicado en 2014 por José María Calleja, onde fala sobre a violencia de xénero, o seu tratamento á hora de elaborar o relato, o compromiso que debe ter o xornalista, como informar sobre outro tipo de violencias e, inclúe unha serie de pautas para informar sobre a violencia machista:

- A sociedade aínda non percibe a transcendencia do problema en toda a súa dimensión. Isto ocorre porque a maioría dos medios non lle dan á violencia de xénero un tratamento acorde coa gravidade que ten, non son capaces de construír un relato conforme á magnitude do problema. Fai falta un relato coherente, proporcionado e exhaustivo, que escolla ben as palabras, imaxes e testemuñas para falar da violencia de xénero, unha das principais causas de morte violenta e sufrimento no noso país.
- As palabras e as imaxes non son neutras nin neutrais, como non pode ser neutra nin neutral a actitude do xornalista ao falar da violencia de xénero. Non existe equidistancia nin empate entre o que asasina e a asasinada nin entre o maltratador e a maltratada. Os xornalistas deben buscar a verdade con honradez e contar da maneira que mellor defina unha violencia na que os homes matan e aterrorizan a mulleres. Deben recorrer a persoas expertas e profesionais formados no tema, que orienten aos medios sobre para abordar o problema.
- O xornalismo ten que ofrecer un contexto que permita interpretar, entender, valorar e criticar a violencia contra as mulleres. Cando un home asasina a unha muller non estamos ante un asunto privado, particular, entre ese home concreto e

esa muller. Na información non deben centrarse nas características particulares dos protagonistas como algo explicativo, e eventualmente xustificativas ou exculpatorias, do asasinato, vexación ou maltrato.

- A violencia de xénero non só son os asasinatos. Antes do asasinato hai insultos, humillacións, vexacións, golpes e medos, que non soen ser narrados nos medios e que tamén son violencia de xénero. Deben contar todo o proceso e non só os asasinatos.
- Os asasinatos de mulleres a mans dos homes non son sucesos, nin un espectáculo, nin unha lacra, nin casos illados. Son a consecuencia extrema dunha violencia estrutural, dun sistema patriarcal, dunha estrutura de poder androcéntrica, anclada no pasado, vixente hoxe e practicada durante anos.  
A violencia de xénero é a consecuencia dun marco cognitivo, construído e expresado con palabras, que sostivo durante anos que o home é un ser superior que domina á muller, un ser inferior, sumisa e resignada á casa e á opinión do home. Os xornalistas deben escoller ben as palabras, as que denunciaren sexismo e promovan a igualdade entre os sexos.
- Durante demasiados anos en España podía escoitar ‘o meu home pégame o normal’, ou explicacións do asasinato de mulleres que descargaban na asasinada a culpa do crime, suxerida con ‘algo faría’, outorgándolle ao marido o poder e a capacidade de decidir sobre a vida da muller. Nos últimos anos avanzouse no rexeitamento ao machismo pero iso non significa que estea erradicado. Hoxe en día cúlpase ás mulleres de maneira máis sutil, buscando causas particulares ao maltrato e dando motivos para entender o comportamento do asasino. Os xornalistas deben fuxir de tópicos anclados ao acervo popular e evitar calquera contexto exculpatorio do asasino.
- Os xornalistas deben ter compromiso ético e cidadán para facer todo o que estea na súa man para acabar coa violencia de xénero. Coas palabras adecuadas e actitude comprometida deben enfrontarse a un dos problemas máis graves que hai en España: a violencia machista coa que conviven moitas mulleres.  
Dos medios depende que as mulleres aparezan representadas do mesmo xeito que os homes. Para iso, hai que evitar a victimización, referirse ás mulleres de maneira compasiva ou aludir ás súas debilidades. Evitar que se fale da súa dependencia e que a cosifiquen. Trátase de construír un novo imaxinario común que nos recoñeza como iguais, onde non se consintan o golpe nin o desprezo.

No 2016, Calleja publicou outro libro semellante, “Como informar sobre a violencia machista”, no que aparecen os datos actualizados sobre as vítimas e no que ademais, explica todos os tipos de violencia que existen, as maneiras nas que se manifesta, o acoso machista... e engade a prostitución como unha posible forma de maltrato.

### 3. Análise dos casos na Costa da Morte

O 4 de decembro de 1997, Ana Orantes acude ao programa ‘De tarde en tarde’, presentado por Irma Soriano e emitido naquela época en Canle Sur. Esta muller decide contar na televisión todo o que sufriu durante corenta anos. Foi vítima de malos tratos, tanto físicos como psicolóxicos por parte do seu ex-marido, o mesmo que, trece días despois, decide acabar coa súa vida.

O 17 de decembro dese ano, José Parejo Avivar, a ex-parella de Ana, decide vingarse dela por relatar ante toda España a súa vida privada. Dirixiuse á casa na que, a pesar de estar divorciados, aínda podían convivir xuntos, e doulle unha malleira ata deixala inconsciente. Logo, atouna a unha cadeira no patio da vivenda, bañouna en gasolina e prendeuulle lume diante dun dos seus fillos, o cal só tiña 14 anos.

Ana Orantes tiña 60 anos, foi a vítima número 59 que morreu a mans da súa parella en 1997. Só foi á televisión nun acto de valentía para contar a súa experiencia, para axudar e dicirlles a todas as mulleres que estiveran a vivir unha situación parecida, a todas as que non encontraran a saída ou as que pensasen que o seu era un caso illado, que non aguantaran tanto e tomasen cartas no asunto canto antes porque ela agora estaba feliz. Este é un anaco dos corenta minutos que estivo relatando en presenza dunha das súas fillas, a única da que o seu pai non abusou.

*“Yo no sé hablar ni expresarme. Yo he estado cuarenta años sin acercarme a una ventana, he tenido que llevar los cuellos subidos hasta la barbilla y si me he acercado a la ventana ha sido para bajar la persiana. Si por casualidad pasaba un hombre y me miraba, porque he sido chitiquilla pero no he sido fea, ahora es cuando estoy fea, enferma y no valgo un duro, como él dice, pero he sido bonita y cuando han quedado mirándome y él me decía: ¿por qué te mira ese tío? ¿Te conoce? ¿Ya te has acostado con él?”*

*(...) “Le pedí perdón porque su padre le había pegado unas guantás por culpa mía y me escupió a la cara. Cuando viene la madre y el padre le cuenta lo que había pasado, ella le dijo que no se tenía que meter en nuestro matrimonio. Desde ahí ya no vinieron guantás, vinieron palizas. Yo no podía hablar, porque yo no sabía hablar, porque yo era una analfabeta, porque yo era un bulto, porque yo no valía un duro.”*

(...) *“Yo estaba embarazada. Él venía borracho, me daba una paliza porque estaba el vaso en un sitio y tenía que estar boca abajo o porque la silla estaba mal colocada”*

(...) *“Me daba una paliza y al otro día estaba llorando pidiéndome perdón diciendo que no me iba a pegar más y lo creía, yo lo creía porque tenía once hijos y no tenía a dónde ir porque él me sacó de ver a mi familia”.*

A morte dela supuxo un punto de inflexión na sociedade: os medios de comunicación empezaron a incluír nas axendas informativas un tema que, ata ese momento, era considerado un asunto privado, un problema dentro da propia parella na que ninguén se podía meter nin pronunciar. A percepción da sociedade sobre a violencia contra a muller cambiou. A realidade sobre a violencia machista entrou de cheo nas casas de todo o país e xa ninguén podía ignorar un problema tan grave.

Do mesmo xeito, as leis, que trataron durante moito tempo ás mulleres como se se falase de menores de idade. Nos 80 e 90 comezouse a regular a separación por malos tratos e engadiuse o delito por violencia doméstica no Código Penal, mais seguía sen aparecer nas axendas políticas nin mediáticas. Tralo asasinato de Ana Orantes, a xente comezou a manifestarse ao son de “Ana somos todas”, realizáronselle homenaxes e as asociacións de mulleres criticaron o sistema xudicial xunto aos medios de comunicación.

Así, en 1999, durante o goberno de José María Aznar, eliminouse a necesidade dunha denuncia previa para perseguir a violencia machista e, ao diagnosticar a violencia como un problema estrutural, o Parlamento aprobou, anos despois, a lei Integral 1/2004. No 2007, o goberno aprobou a lei de Igualdade e creouse un teléfono de axuda contra o maltrato, o 016, que en 2016, recibiu arredor de 85.000 chamadas fiables. Xa non só se tiñan en conta as medidas xudiciais á hora de enfrontarse a casos de violencia de xénero, senón que se falaba de prevención do maltrato. Conseguiuse tamén que se modificaran algúns aspectos da lei educativa e tamén se conseguiu que se vixíen os anuncios publicitarios para poder construír unha sociedade baseada na igualdade e na non violencia.

É moi triste que tivera que acontecer algo así para que a sociedade, políticos e medios de comunicación lles prestaran atención a este tipo de episodios vividos por miles de mulleres cada día. En 1997, os medios trataron por primeira vez a noticia de Ana

Orantes como un crime machista e non como un suceso. Comeza tamén a tratarse a violencia con perspectiva de xénero, centrando a noticia nas vítimas e non nos seus agresores.

Aínda así, queda moito camiño por percorrer. Parece que todo iso forma parte do pasado, que se esqueceu o acontecido fai pouco máis de 20 anos e, sobre todo, parece ser que os medios non están tendo en conta a maneira de informar sobre unha problemática tan presente día a día e o seu compromiso coa erradicación da mesma. A propia filla de Ana Orantes escribíalle unha carta a súa nai, publicada en El País a finais de decembro de 2017, na que lle falaba sobre o moito que desexaba poder contarlle canto avanzaron desde que xa non está pero que todo segue igual: os homes seguen matando e maltratando impunemente ás súas parellas e case non se lle fai caso ao problema.

Para corroborar as hipóteses expostas ao inicio deste traballo e comprobar o que se dixo nos parágrafos anteriores, analizarase no seguinte punto o tratamento da violencia de xénero na prensa escrita nunha zona concreta, a Costa da Morte, desde o ano 2006 ata o 2017.

### 3.1. Análise de contido

Para analizar o contido das diferentes noticias escollidas do xornal La Voz de Galicia edición Carballo, elaborouse unha táboa tralo proceso de documentación. Cada noticia está exposta nunha táboa diferentes no apartado 6 (ANEXOS) e nelasponse de manifesto se o caso en cuestión cumpre ou non co que se indica.


Entre os diferentes aspectos aparecen: a sección na que se publicou a noticia, se utilizou ou non o xornalista unha perspectiva de xénero, se usaron unha linguaxe machista ou non, se hai un contexto previo, se xustifican ao agresor ou culpan á vítima, se transmite estereotipos de xénero, se mencionan a nacionalidade do agresor ou da vítima, se informan sobre os diferentes servizos que teñen as vítimas á súa disposición, se houbo un seguimento do caso, o tipo e número de fontes consultadas, se usaron imaxes ou datos irrelevantes e se diferencian entre os distintos tipos de violencia que existen.

Unha vez rematada a análise, recollendo e sumando os datos que obtivemos coas diferentes noticias, elaboráronse unhas gráficas nas que se pode ver o resultado de cada unha das preguntas que se recollen nas táboas.

#### Resultados:

##### 1. Seccións:

Sección	Número de noticias	Porcentaxe
Sucesos	6	50%
Sociedade	3	25%
Galicia	3	25%



Como podemos observar, das 12 noticias analizadas, a metade está situada nas páxinas de sucesos. Isto débese a que no propio medio non están concienciados de que a violencia de xénero é un problema social nin de que situalo nas páxinas de sucesos dá unha visión do tema como se fosen cousas que pasan esporadicamente.

Pese que tras o caso de Ana Orantes parecía que os medios se concienciaran e comezaran a usar técnicas novas na redacción, co paso do tempo a realidade foi totalmente diferente e aos medios esquecéuselle o tema por completo e seguiron publicando novas sobre a violencia de xénero, escasas e sempre e cando se tratase dun acontecemento que captase a atención da audiencia.

## 2. Perspectiva de xénero


Perspectiva de xénero	Número de noticias	Porcentaxe
Si	0	0%
Non	12	100%



A perspectiva de xénero deberíase aplicar en todos os ámbitos da información. No caso da violencia de xénero, trátase de explicar o sucedido contextualizando e tendo en conta a posición da vítima, non só a do agresor. No caso da edición de La Voz de Galicia de Carballo, ningunha das noticias analizadas foron escritas desde unha perspectiva de xénero, algo que pode influír na opinión dos seus lectores sobre o problema.

### 3. Linguaxe machista

Linguaxe machista	Número de noticias	Porcentaxe
Si	6	50%
Non	6	50%



A linguaxe machista emprégase sobre todo nas noticias situadas entre os anos 2006 e 2014, mais, sorprendentemente, segue presente na actualidade. Deberían ser supervisadas as noticias e tratadas cun ton que procure a igualdade. Estamos moi lonxe de ver como os medios axudan a paliar unha das principais causas de morte das mulleres en España.

### 4. Contextualización


Contextualiza	Número de noticias	Porcentaxe
Si	2	16,70%
Non	10	83,30%



Case a totalidade das noticias analizadas narran os feitos sen contextualizar, é dicir, sen contar os precedentes do sucedido para situar ao espectador no momento preciso e que entenda ben as causas de consecuencias que pode ter a noticia. Como se dicía en apartados anteriores e, tal e como recomenda a Declaración de Compostela, é necesario facerlle ver á poboación o que é a violencia de xénero, por que se produce, cal é a situación á que se enfrontan as mulleres maltratadas, por que deciden ou non denunciar e, sobre todo, cales son as consecuencias as consecuencias que derivan diso, engadindo as pequenas cousas que podería facer a xente de a pe para erradicar dunha vez por todas esta violación aos Dereitos Humanos.

### 5. Xustificación do agresor


Xustificase ao agresor	Número de noticias	Porcentaxe
Si	6	50%
Non	6	50%



A metade das noticias xustificaban ao agresor dos seus feitos. Non o fan directamente, por suposto, senón que o fan de maneira ‘disimulada’. Un ataque de celos, nunha ocasión, unha pelexa, noutra, e, incluso nun dos casos, no que o home matou á muller, en ningún momento se lle chamou asasino. Tamén se expoñen as declaracións dos veciños ou familiares nas que se deixa ver que o home era boa xente, feito que non axuda para nada ás vítimas. Por suposto que un maltratador non vai estar tratando mal a todo o mundo nin á súa parella 24 horas ao día, senón que se trata dunha persoa que ten dobre cara e sácaa cando a el lle interesa. Non se deben utilizar este tipo de declaracións nin xustificar ningún acto violento.

#### 6. Transmisión de estereotipos de xénero

Estereotipos de xénero	Número de noticias	Porcentaxe
Si	9	75%
Non	3	25%



Os estereotipos de xénero son ideas preconcebidas que se transmiten de xeración en xeración, inconscientemente, desde que somos nenos. Nas noticias analizadas podemos observar que un 75% delas transmiten estereotipos de xénero: os homes teñen poder, as mulleres son débiles... E mesmo nunha ocasión se fala de ‘crime pasional’, dando a entender que o home quería moito á súa muller e, logo de tentar matala, quíxose suicidar. Son estereotipos que normalizan a violencia machista e, que no caso de que o que tratase a noticia fose un xornalista especializado na materia e a escribise desde unha perspectiva de xénero, non tería nada que ver co que se publicou.

## 7. Nacionalidade


Mención á nacionalidade	Número de noticias	Porcentaxe
Si	2	16,70%
Non	10	83,30%



Facer mención á nacionalidade, tanto da vítima como do agresor, está transmitíndolle aos receptores unha falsa idea de que: ou ben as vítimas só son estranxeiras e aquí non pasan esas cousas, ou os agresores son homes estranxeiros, co cal non hai de que preocuparse. Son datos irrelevantes que non se deberían mencionar porque dese xeito estamos ‘xustificando’ a agresión ou mesmo restándolle importancia.

### 8. Culpabilización da vítima


Cúlpase á vítima	Número de noticias	Porcentaxe
Si	1	8,3%
Non	10	83,4%
Neutro	1	8,3%



Aínda que se fai referencia a se a vítima denunciou ou non en boa parte dos casos analizados. Parece unha cousa sen importancia e mesmo algúns cren que axudan a outras vítimas a denunciar cando aínda non tomaron a dura decisión. Nembargantes, dicir que a vítima non denunciou ou que xa vivira episodios semellantes, implica poñer sobre as súas costas a culpa de sufrir algo que non buscou.

## 9. Información sobre os servizos dispoñibles para as vítimas


Servizos dispoñibles	Número de noticias	Porcentaxe
Si	4	33,30%
Non	8	66,70%



Esta é a estatística máis sorprendente de todas. Pese a que non custa nada facer referencia a todos os servizos que teñen dispoñibles as vítimas de violencia de xénero, non aparece nada nas noticias ata o ano 2015. Aínda así, desde o 2015 ata o 2017 nunca se engadiu nin o número de teléfono á posición das vítimas (016) nin se fixo mención á existencia dunha aplicación móbil (Libres) nin se informou de ningún tipo de saída que puideran ter aquelas mulleres que están sufrindo unha situación semellante.

## 10. Seguimento do caso


Seguimento do caso	Número de noticias	Porcentaxe
Si	5	41,70%
Non	7	58,30%



Na maioría dos casos analizados non se realizou un seguimento. A porcentaxe de casos seguidos é tan alta porque as noticias que falaban sobre o mesmo caso foron consideradas individuais, mais en verdade, só foron dous ou tres casos aos que si lle fixeron un seguimento e, nun deles, porque a vítima morreu, noutro porque era un caso que afectaba a unha persoa recoñecida na zona, e, no outro, porque o home prendulle lume á casa da muller. Unha vez máis, prima o morbo e o sensacionalismo fronte ao compromiso dos xornalistas de abordar un problema social, informando sobre o que supón e axudando a facer unha sociedade mellor.

### 11. Fontes consultadas


Tipo de fontes	Número de noticias	Porcentaxe
Implicadas	2	16,7%
Familiares e veciños	2	16,7%
Expertas	1	8,3%
Oficiais	6	50%
Varios	1	8,3%



A maioría dos xornalistas confórmanse con expoñer a versión que lles ofrecen as fontes oficiais, entre os que se atopan os gardas civís, unha sentenza, as imaxes dunha cámara... Pola contra, rara vez acoden a fontes expertas, a especialistas en violencia de xénero, para que transmitan unha visión obxectiva, para que expliquen os tipos de violencia aos que se enfrontan as mulleres e, sobre todo, para poder realizar unha contextualización en condicións. Para realizar unha noticia de calidade, tampouco se deben utilizar as declaracións dos familiares ou veciños, posto que ninguén sabe o que viviron os implicados de portas para dentro. Débense consultar polo menos tres fontes, entre as que se inclúen as oficiais e as expertas, contrastando e explicando minuciosamente a situación. En La Voz de Galicia de Carballo, a miúdo se conforman con explicar os feitos que lle conta a policía e, moitas veces, nin sequera se paran en detalles importantes, mentres si contan outros sen importancia.

## 12. Publicación de imaxes xunto á noticia


Fotografías	Número de noticias	Porcentaxe
Si	4	33,30%
Non	8	66,70%



As imaxes son un elemento moi común nas noticias sobre violencia de xénero. Non imos falar xa da televisión, onde aparece ata o edificio no que vivía a vítima, mais na prensa escrita non se quedan curtos. Aparecen imaxes sensacionalistas: a casa queimada, a cara da muller asasinada polo seu marido... A porcentaxe de imaxes publicadas é baixa porque non conseguiron fotografías dos outros casos, xa que a policía non sempre lles facilita todos os datos que solicitan.

### 13. Datos irrelevantes


Datos que non aportan	Número de noticias	Porcentaxe
Si	10	83,4%
Non	2	16,6%



Se non basta coa publicación de imaxes sensacionalistas, nos casos nos que non se inclúen imaxes, soen aparecer iniciais, detalles irrelevantes como a nacionalidade, o nome da rúa na que viven seguida do número de portal e mesmo a planta, o xeito no que o home mata a muller... Todo vale para ter máis audiencia.

### 14. Tipos de violencia

Fálase de tipos de violencia	Número de noticias	Porcentaxe
Si	1	8,3%
Non	11	91,7%




Só nun caso de fai mención a diferentes tipos de violencia, e isto é porque se consultou a unha experta na materia e se engadiu un apartado tras a explicación dos feitos no que ela mesma fai referencia ós diferentes tipos de violencia. Noutra ocasión, tamén é na declaración do xuíz onde se fala dun ‘caso de violencia de xénero’ ao final da noticia, cando nela se contaba que un home matou á súa muller e en ningún momento o xornalista se referiu a el como a un asasino, senón como ‘agresor da vítima’. A Voz de Galicia de Carballo non fai mención á violencia de xénero se non é a través da declaración de fontes oficiais.

## 3.2. Situación actual

A Costa da Morte é o nome co que se coñece a rexión costeira situada na provincia da Coruña que vai desde Baldaio ata o cabo Fisterra. Forman parte dela tres comarcas diferenciadas. A primeira é a comarca de Bergantiños, á que pertencen os concellos de Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso, Laxe e A Laracha. A segunda, é Terra de Soneira, da que forman parte Zas, Vimianzo e Camariñas e, a terceira, a comarca de Fisterra, na que se inclúen Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría e Muxía.

Unha vez expostos os concellos que abarca a Costa da Morte e, polo tanto, todos os lugares que cubre La Voz de Galicia de Carballo, procedemos coa análise da situación actual en canto a violencia de xénero e tratamento nos medios se refire.

Para comezar, expoño aquí unha gráfica realizada mediante os datos facilitados polo IGE (Instituto Galego de Estatística) sobre a realidade da muller galega. Nela podemos observar o número de denuncias por violencia de xénero que houbo nos últimos cinco anos.



Lonxe de mellorar, a situación parece que se mantén ou mesmo incrementa o número de denuncias. Unha vez vista a gráfica das denuncias a nivel galego, procedemos a analizar o territorio que nos compete.

Na Costa da Morte existen cinco Centros de Información ás Mulleres (CIM): un en Carballo, outro en A Laracha, outro en Muxía, outro en Zas e outro en Cee. Alí poden acudir todas as mulleres que necesiten calquera tipo de axuda ou teñan calquera tipo de

problema. Entre as que acoden a estes centros atópanse as vítimas de violencia de xénero. Non é necesario que interpuxeran unha denuncia ao agresor para solicitar axuda.

Os CIM ofrécenlles asistencia xurídica, información para facer a tramitación en caso de que desexen denunciar ou iniciar un procedemento xudicial e, se precisa un avogado tamén se lle asesora e informa de que documentación necesita. Tamén ofrecen asistencia psicolóxica mediante citas coa psicóloga dos centros e informan ás mulleres de que tipo de axudas e recursos poden solicitar. Ademais, se as mulleres aínda non presentaron unha denuncia ao seu agresor e o queren facer, as membro do CIM acompañanas ata o cuartel da Garda Civil en caso de que non o queiran facer soas.

Nieves Castañón, directora do CIM de Carballo explica a realidade que viven as vítimas de violencia de xénero día a día: “- Se trata de dar una información lo más completa posible y de hacer un acompañamiento en todo el proceso, que ahí es cuando empieza a ser duro. Es muy duro cuando una mujer está sufriendo violencia en su casa pero es más duro cuando se decide a denunciar e inicia el periplo judicial con todo lo que eso conlleva. Para ellas suele ser una tortura porque es cuando se visibiliza y sale a la calle al problema y la gente lo acepta o no lo acepta”.

Ademais dos CIM, está a Garda Civil, aínda que non en todos os concellos están abertos 24 horas nin prestan o mesmo servizo. Na Costa da Morte hai tres grandes cuarteis de Garda Civil: o de Carballo, que está aberto vinte e catro horas, o de Vimianzo e o de Corcubión. A parte, cada Concello ten o seu (Malpica, Ponteceso, A Laracha, Muxía...) pero a maioría abren só pola mañá e non contan con gardas especializados en violencia de xénero.


## 1. Carballo (Capital da comarca de Bergantiños)

Carballo é a capital da comarca de Bergantiños. O cuartel da Garda Civil é un dos que mellor servizo presta á xente da zona, non só aos veciños do propio pobo, senón incluso aos de Ponteceso, Malpica e arredores.

O cuartel conta cun garda dedicado única e exclusivamente á violencia de xénero, José Ramón Couto García. Leva desde o ano 2008 escoitando, atendendo e protexendo ás vítimas, rexistrando as denuncias, investigando aos agresores e, ata fai pouco, impartía polos colexios charlas sobre accións preventivas desde o ámbito da violencia de xénero.

No que vai de ano 2018, ata o 18 de maio, segundo os datos manexados por José Ramón Couto García, no concello de Carballo puxéronse un total de 19 denuncias, concentradas principalmente na última semana de xaneiro e no mes de marzo. O garda civil asegura que “son moi poucas, debería haber moitas máis”. Explica que “as mulleres tardan ou bótanse atrás á hora de poñer a denuncia”.

O ano anterior, no 2017, rexistráronse un total de 41 denuncias e, no 2016, 44. “O importante non son o número de denuncias senón a gravidade destas”, expón Couto. En palabras do garda civil, o período comprendido entre agosto de 2016 e febreiro de 2017 foi no que se rexistraron os casos máis graves. “Xunto coas últimas semanas de xaneiro, eses foron os meses con máis traballo”. A seguinte gráfica recolle o número de denuncias que se rexistraron nos últimos cinco anos no concello de Carballo.



O número de denuncias, tal e como explicaba Couto, varía dependendo de se acudimos ao penal ou ao civil. Nos centros de mulleres hai un número de denuncias maior que o que eles manexan porque hai vítimas que deciden non denunciar. Ademais, o quebrantamento dunha orde de afastamento tamén é violencia de xénero, máis non se contabiliza como tal, non se rexistra.

Desde o ano 2007 e ata o 18 de maio de 2018, no concello deste pobo acumúlanse un total de 445 denuncias. Delas, estase facendo un seguimento de 55. Cada 60 días faise unha avaliación da situación da vítima para saber como está e en que situación se atopa. Do mesmo xeito, en case 11 anos tamén se rexistraron 85 denuncias por violencia doméstica e 85 por abuso ou acoso sexual. As vítimas destes dous últimos casos, son avaliadas pola policía cada 90 días.

En canto á visión que teñen no cuartel sobre os medios de comunicación da zona e o tratamento da violencia machista, Couto pensa que a prensa “dá visibilidade moitas veces ao que non lle debería dar visibilidade e ao que se lle debería dar visibilidade non lla da”. Recoñece que hai veces que os feitos saen nos medios porque chaman a atención pero que “xa non é o caso de que sexa un feito máis ou menos espectacular senón que se centran moitas veces en cousas que realmente non é necesario que se publiquen. Poño un exemplo: non é necesario que se saque unha noticia a toda páxina dun dos intentos de homicidio que houbo. Dedicóuselle unha páxina enteira a unha sentenza, na que daban todo tipo de detalles sobre a vítima que non son nin necesarios nin precisos”.

Así mesmo fai referencia aos termos que se usan á hora de elaborar as informacións: “que nos medios aparecen frases como ‘morre unha muller a mans do seu marido’ non axuda nada porque parece que morreu porque quixo e iso non é así. O redactor é moi partidista, decántase por unha das partes e iso non da boa imaxe nun pobo coma este onde uns coñéceno a el e outros a ela”.

Na maioría dos casos, a garda civil non pode dar os datos todos que solicita o xornalista para preservar a identidade da vítima, pero cando se trata de casos que teñen un forte impacto e consultan cos policías, estes non sempre lles dan o que buscan e entón “o que non saben invéntano ou non interpretan ben as nosas respostas. Houbo un caso, no 2017, no que aparecía na noticia que a vítima non denunciara. Iso non era certo. A vítima si denunciou pero fíxoo despois de ir ao hospital. É máis, os nosos superiores

chamaron para ver que pasara porque a vítima dera risco extremo e tivemos que explicarlle a situación. A cuestión é que ela si denunciou pero como era un caso que tiña que saír nos medios si ou si, ao mellor non esperou o xornalista a que a policía lle confirmase o sucedido. De todas formas, non é o mesmo poñer que non denunciou ca que non quixo denunciar. Son cousas moi diferentes”.

Se falamos dun perfil de muller maltratada, como xa deixamos claro en anteriores apartados, non existe. Couto indica que tanto pode ser “unha muller que non sabe manexar un teléfono como a que ten estudos universitarios”. E o mesmo para o perfil dos maltratadores: “está o cazurro que lle pega catro machadas á súa muller e o que vai vestido con traxe e paxariña que queima psicoloxicamente á súa parella”.

No referido á violencia psicolóxica, explicaba que como non se pode demostrar, sobresaíse. No caso das vítimas de violencia machista, que teñen á súa disposición o teléfono de axuda, o 016, e varias aplicacións (unha da Xunta de Galicia e outra do Estado e o AlertCops), cando se deciden a denunciar, séguese un proceso claro. Tal e como indicaba Couto, a vítima soe acudir á comisaría cando tivo un problema grave, cando sucede un incidente como punto de inflexión na relación ou cando xa ten todo decidido e planificado.

Unha vez no cuartel, ofréceselle un avogado e unha orde de afastamento. “Hai quen quere, hai quen non e hai quen aínda está no ciclo da violencia de que quere deixalo pero aínda o quere e bótase atrás no último momento”. Fánselle unha serie de preguntas grazas ás que detectan o nivel de perigo (medio, extremo, baixo...) e coas que se van recompilando os datos sobre o agresor (nome, datos persoais, onde está nese momento, fotografías...). Unha vez teñen todo, avisan á patrulla por se teñen que proceder a detelo.


Cando rematan co interrogatorio, segundo a maneira de narrar a súa situación, deciden deter ao agresor ou investigalo. “No que vai de ano, investigados ou imputados hai moi poucos. No que vai de ano só hai unha imputación”. Logo, se o nivel de risco é moi grande, soe ofrecérselle unha casa de acollida, á que vai nun taxi que pagaría a Xunta, pero rara vez aceptan. “Houbo un caso no que unha muller tiña unha patrulla no seu portal todo o día porque o nivel de risco era altísimo. Ela ía facer a compra ou a calquera parte coa policía detrás”. Pese a que fan todo o que está na súa man por protexer ás vítimas, non sempre é suficiente e, non todas as comisarías funcionan do

mesmo xeito que a de Carballo, que permanece aberta as 24 horas do día mentres que outras só abren pola mañá.

Xa para rematar, Couto falaba das denuncias falsas: “existen nunha porcentaxe maior das que se contan. Esa cantidade non é real porque só fan referencia ás denuncias falsas perseguidas polo fiscal”. A porcentaxe é maior, mais segue sendo moi inferior á de denuncias reais.

No CIM de Carballo son tres profesionais as que atenden a mulleres de Carballo, Malpica, Ponteceso e, ata comezos de ano, Coristanco. De todas maneiras, tamén atenden a mulleres de toda a Costa da Morte que non queren ir por vergoña ou por outros motivos ao que está máis próximo á súa casa.

Se miramos o número de vítimas rexistradas no CIM, podemos ver como a cifra de mulleres ascende considerablemente.



A directora do centro, Nieves Castañón, explica que antes había momentos puntuais nos que recibían máis denuncias, como despois das vacacións ou a comezos do ano, mais agora prodúcense moitos casos ao longo de todo o ano: “Hay temporadas que podemos tener tres o cuatro víctimas en una semana y después estar quince días sin recibir a ninguna”.

“No es que aumente el problema sino que las mujeres se animan más a denunciar y a contar los que les está pasando porque la mayoría de las mujeres que vienen aquí

manifiestan que llevan mucho tiempo sufriendo violencia y que por diferentes razones no se atreven a denunciar”, expone.

En cuanto ao papel que teñen os medios de comunicación, móstrase bastante molesta co tratamento que fan da violencia machistas: “Mi experiencia con los medios no es excesivamente buena. Antes salíamos más y participábamos más pero cada vez hago menos cosas porque me da miedo lo que van a poner. Cuando se trata de una noticia sobre violencia de género se busca la ‘chicha’ de la noticia, no se busca sensibilizar o exponer una problemática. Mi postura es: no hablo y así no malinterpretan mis palabras”.

Nieves Castañón conta que cada caso de violencia de xénero ten a súa historia detrás e que os medios descoñécena totalmente. “Es mucho más que un final dramático. En los medios solo sale lo que vende y eso a las víctimas les hace mucho daño y de cara a la sociedad tampoco es una buena aportación”.

En palabras de Castañón, “los medios le dan visibilidad pero siempre buscando el sensacionalismo, no buscando la realidad”. O oito de marzo deste ano, día internacional da muller, unha xornalista da Voz de Galicia fíxolle unha entrevista e sacou un titular que non lle parece nada adecuado: “A pesar de que le dije que tratase con cariño la noticia, sale el titular ‘sempre fun rabuda pero o CIM empoderoume aínda máis’. Si eso es un buen titular que venga Dios y lo vea. Así no ayudan.”

Cre que non se fala de violencia de xénero nos medios porque non vende tanto dicir que unha muller sufriu violencia de xénero como dicir que un home matou á súa muller. Por outra banda, tamén cre que os medios teñen moito poder e poden axudar a paliar o problema e que poderían sacar moitas máis informacións sobre a violencia machista ou mesmo poñer anuncios no xornal dos centros e servizos que teñen á súa disposición as vítimas:

“Informar de que si una mujer necesita ayuda puede acudir a este centro, a este teléfono... ese trabajo lo hemos tenido que hacer desde los propios CIM. Incluso en la policía no se le hablaba de que podían acudir aquí. Después de un trabajo complicado con la jerarquía de la guardia civil, cuando van a denunciar, al entregarle la documentación con los derechos que tiene, se le informa que puede asistir a este centro de información de la mujer. Es un trabajo que hacemos día tras día”.

Un exemplo do mal enfoque que fan os medios á hora de tratar a temática atopámolo na noticia publicada o 15 de xaneiro de 2017, “Un hombre acuchilla a su expareja a la salida de un pub en Carballo y se da a la fuga”. Foi unha información que deu que falar no pobo e mesmo os máis novos criticaron que a muller non denunciara, algo que aparece na noticia e que era falso. Tanto Coutou como Castañón aseguran que a vítima si que denunciou, mais fíxoo ao saír do hospital. A directora do CIM explica como aconteceu todo: “Los periodistas no estaban bien informados y se centra en que si denunció o no, y no en que casi la mata. Ahí está el problema. Para mí la perspectiva que se da no es la adecuada. Era falso que no había denunciado porque ella denunció a la mañana siguiente acompañada de un abogado de oficio”.

Outro exemplo foi o caso dun pai que pedía a garda custodia compartida, así o conta Nieves Castañón: “Sacó dos días varias noticias con unas declaraciones del señor muy fuertes. Me parece bien que ponga los motivos de que pida la custodia, pero podía hablar con un experto y que le explique cuando se da, cuando no... y no dando a entender que pobre padre que no puede ver a sus hijos. Sin embargo, cuando salió la sentencia obvió reflejarla porque le daba la razón a la madre. Tiene todo el derecho de pedir la guardia custodia pero a la que se machacó en la información fue a la madre.”

Nieves reivindica que se poña de manifesto o que hai na rúa e non se está mostrando nos xornais, que se deixen de publicar “detalles macabros” e se respecte a intimidade da vítima. Non chega a entender que se publique a fotografía da vítima e explica que as noticias que se filtran desde os xulgados están sesgadas, co cal os medios non poñen toda a verdade.


Castañón nega que exista un perfil de muller maltratada mais recalca que nos últimos anos estamos a sufrir un retroceso e que ve máis rapazas de pouco máis de dezaioito anos que sofren accións machistas por parte das súas parellas. Defende que as mulleres non maltratan porque teñen moito medo. “La mayoría vienen y te cuentan que lo están pasando mal en casa pero que no saben que va a ser de sus hijos o de ellas si se van. Hay un número muy grande de mujeres que sufren maltrato psicológico y otras que son mujeres mayores que han aguantado tantos años que dicen que ya para lo que les queda, ya aguantan”, indica Nieves á vez que fala de todas as mulleres que sofren violencia machista, sobre todo psicolóxica e non se dan conta.

## 2. Cee e Corcubiión

Estes dous concellos pertencen á comarca de Fisterra. En Cee atópase un dos CIM da Costa da Morte e en Corcubiión un dos tres cuarteis máis importantes da mesma.

O CIM de Cee existe desde o ano 2004 e ten un convenio con Fisterra e Corcubiión, polo tanto atende ás mulleres deses tres lugares principalmente.

O número de vítimas rexistradas evolucionou deste xeito nos últimos anos e ata o 31 de maio de 2018:



Concha Millán é a directora do CIM de Cee e pensa que a situación segue practicamente igual que hai anos porque aínda que hai máis mulleres que se animan a denunciar e a pedir axuda, nas estatísticas que aquí expoño só se contabilizan as que pasaron por ese centro.

Na zona dásele visibilidade ao centro a través dunha páxina de Facebook e nos medios da zona tanto impresos como online. Critica que non se coida nada a identidade da vítima nos medios e que iso é perigoso porque están nun pobo onde todo se acaba sabendo.

“No hay suficiente educación. Desde que empezamos en el colegio debería haber una asignatura de igualdad y no hay más que ver los libros y los folletos de juguetes, yo creo que falla la educación”, explica Millán sobre a base do problema.


En canto á idade das vítimas destaca o seguinte: “vivimos en una sociedad patriarcal y yo noto un atraso en la adolescencia y eso se debe a la falta de formación. En casa se puede educar en igualdad pero si salen de casa y en la calle se encuentran con lo que se encuentran, pues no es suficiente con obradoiros en las clases porque son una hora, una vez al año”.

Fala da necesidade que existe no xornalismo, nos xulgados, nos cuarteis da Garda Civil e outras administracións de estar formados en violencia de xénero porque considera que é importante saber diferenciar a violencia doméstica da violencia de xénero. Aínda así, asegura que o xuíz actual está bastante formado no tema e xa non se archivan tantas denuncias sobre violencia psicolóxica, senón que se imponen condenas como cando se trata de maltrato físico.

Aposta por cambiar a raíz do problema desde que nacemos, na educación e que os xornalistas que elaboren as noticias teñan coidado e non traten ao home como se fora unha vítima e da vítima dean todo tipo de detalles.

Na Garda Civil de Corcubión repártense as vítimas entre os gardas para realizar o seguimento cada certo tempo (segundo o nivel de risco que deran). Actualmente teñen 27 denuncias en activo cun nivel medio-baixo. Atenden á poboación de Cee, Corcubión, Dumbría e Fisterra.

O Cabo Primeiro K14098B facilitoume os datos dos últimos dous anos, posto que non os tiña arquivados no ordenador. No que vai de 2018 (a día 30 de maio) teñen rexistradas un total de 6 denuncias.



O Cabo Primero especifica ademais que se producen xeralmente o verán e nas Navidades. En canto ao tratamento que fan os medios de comunicación do tema, cre que non lle dan visibilidade porque “é algo que xa todos sabemos que está aí e non lle damos tanta importancia como deberíamos. Só sae nos xornais se morre a vítima”.

Unha vez a vítima se presenta co cuartel, os axentes ofrécenlle seguridade, proceden a deter ao autor ou investigalo e, unha vez o agresor pasa a autoridade xudicial, segundo a gravidade dos feitos, pónselle unha orde de afastamento de máis ou menos metros.


“As denuncias por maltrato psicolóxico van adiante pero case nunca se lle impón ningunha orde de afastamento nin nada”, expón. O Cabo Primero aposta por crear unidades especializadas só niso e en deixar claro que o problema sempre é dos agresores e non das vítimas, tal e como se deixa entrever en moitas informacións.

Aínda así, recalca o problema de que moitas vítimas que van denunciar, ao pouco tempo retiran a denuncia e non beneficia ao resto de mulleres.

### 3. Vimianzo

O cuartel da Garda Civil de Vimianzo atópase entre os tres máis importantes da Costa da Morte. Encárgase do concello de Zas e do de Vimianzo e o sarxento é Rubén Fernández Arias. No que se refire a violencia de xénero, hai un garda e unha garda especializados no tema e o sarxento supervisa as súas accións.

Segundo os datos rexistrados, no que vai de ano teñen 4 ordes de afastamento: dúas en Cee e dúas en Vimianzo, máis que o ano anterior. O cuartel rexistra unha media de 10 denuncias ao ano fronte ás 12 que rexistran en Corcubión e as 40 en Carballo. Estas son o número de denuncias por violencia machista rexistradas no cuartel nos últimos cinco anos:



Rubén Fernández explica a importancia das VPR (Valoración Policial de Risco) e as VPER (Valoración Policial da Evolución de Risco). A primeira fai referencia á valoración que se fai cando a vítima presenta a denuncia; a segunda é a valoración que se fai cada certo tempo segundo o nivel de risco obtido na primeira valoración. Se o nivel é extremo, faise unha valoración cada 72 horas; se é un nivel alto faise cada semana; se é medio, cada mes e se é baixo, cada dous meses. A parte das VPR e VPER fan contravixianzas tanto na vivenda como no traballo e realizan entrevistas coas mulleres (sempre os gardas especializados).

Fernández fala tamén sobre a presenza da problemática nos medios: “Dáselle bastante visibilidade ao final pero a visibilidade que se lle da na prensa son ás falecidas, pero non se fala con datos reais. Estamos ante unha prensa moi sensacionalista. Por exemplo, se falamos das porcentaxes de maltrato físico, ao mellor esa cifra representa un 20-30% das denuncias pero hai moitas máis mulleres que sofren maltrato psicolóxico que físico.”

Outro problema para o sarxento Fernández: “a cantidade de mulleres que non denuncian. As dúas últimas denuncias que tivemos aquí en Vimianzo tiveron que ter unha semana enteira de entrevistas con elas para que denunciasen. Costa moitísimo denunciar. Temos casos de denunciar un día e ao día seguinte no xulgado botarse atrás. Por exemplo, tivemos un caso no que a muller denunciou ás 10 da noite que sufría maltrato psicolóxico e ao día seguinte chamou ao xulgado para dicir que era todo mentira”.

Os medios poderían axudar e mostrar outros casos nos que as mulleres saen ben paradas e non sempre os casos extremos. Tampouco informan sobre os casos de violencia que persegue a Garda Civil e non se denuncian: “A violencia de xénero considérase un delito público, o que quere dicir que non fai falta que exista unha denuncia para ser perseguido. Unha violación, ti tes que denunciala. Non se pode perseguir de oficio. Se mañá sei que violaron a unha rapaza, se ela non denuncia non hai delito. Coa violencia de xénero temos a obrigaón de perseguila. Se nos chaman dicindo que a veciña está sendo maltratada, nós imos, entrevistamos e facemos un informe ao xulgado. Podemos estar mandando unha media de 12 ou 15 informes ao ano ao xulgado de posible violencia de xénero na que a vítima se nega a denunciar. Teño máis casos de posible violencia de xénero onde a vítima non quere denunciar das que denuncian. Que pasa? Que iso na prensa non sae.”

Recalca que hai unha cantidade bastante grande de rapazas de 22 e 23 anos que van denunciar que sofren violencia psicolóxica e outras que van e non saben que son vítimas e que tampouco se reflicte nos xornais. Isto débese á falta de información. “A violencia psicolóxica para min é moito peor que a física e cada vez a idade dos agresores é menor; noutras ocasións utilízanse os fillos para facerlle dano á muller tamén”, engade.

“Non se fala da dependencia psicolóxica que podes chegar a ter con 22 anos. Temos un caso dunha rapaza que coñeceu a un rapaz por internet, que recorreu 600-700

quilómetros para vir vivir aquí con el, sufriu maltrato físico, detivemos ao rapaz, púxose a denuncia, non apareceu no xuízo, volveu para a súa casa e aos tres meses volveu”. Fernández fala sobre as ordes de afastamento e a súa ineficacia posto que, en palabras do sarxento, “Se non podes estar a menos de 100 metros da túa parella, que son 100 metros? Se te quere levar por diante vaite levar o mesmo. O que é preocupante é a cantidade de denuncias que non hai, a cantidade de mulleres maltratadas que non denuncian. Podo asegurarche que nesta zona está 50-50, case hai máis mulleres que non denuncian das que denuncian”.

A solución, unha vez máis, apunta cara a educación. Rubén Fernández cre que falta formación desde cativos en tema de violencia de xénero e igualdade. “Considero que estamos tendo cada vez unha sociedade máis machista”. Considera que a vía penal tampouco é a solución: “Se morren 70 mulleres e estudias o seu agresor, seguramente haxa un porcentaxe elevadísimo de casos nos que o home se suicida, co cal importa pouco os anos que lle metan de prisión, ou que se entregou, é dicir, ‘yo me la cargo porque es mía’, entón meter penas a un tío que se entregou ou que se matou pois... dálle exactamente o mesmo. está ben atacar pola vía penal pero ou empezan a tocar o tema educación ou vamos ir a peor”.

Nembargantes, da gracias que a sociedade cambiou e agora si que se fala da violencia de xénero como un problema que está presente no día a día, xa que “Hai dez anos ías a Garda Civil a dicirlle que o teu home che pegaba e mandábante para a casa. Estamos acostumados a relacionar a violencia de xénero cunha puñada ou coa morte e hai moitas mulleres que non asimilan que por un insulto ou a violencia psicolóxica sexa unha muller maltratada. Ti es unha muller maltratada, por ser unha muller maltratada non tes que aparecer morta ou cunha puñada”.

#### 4. A Laracha

O CIM de A Laracha confórmano dúas mulleres: a directora e psicóloga, Ana Aldao, e unha avogada. Está acreditado desde o ano 2005 e atende ás mulleres da zona e seus fillos e persoas que dependen delas.

Ana Aldao pon de manifesto que hai moitas mulleres que non denuncian pero que as que acoden ao CIM, antes ou despois acaban denunciando porque se senten apoiadas e están informadas e asesoradas sobre todo o que pode pasar unha vez interpoñan a denuncia. “Un error moi común é pensar que todo acaba na denuncia. Se ás mulleres non lles das unha alternativa de vida diferente á que tiñan non manteñen esa forza que necesitan para denunciar”, explica.

Para Ana Aldao os medios tratan a problemática dunha maneira equivocada. “Non son capaces de chegar ao fondo da cuestión nin tratan o tema como deberían. Axudaría un trato continuo nos medios de comunicación sobre a violencia de xénero. Hai moitas veces que as mulleres non saben que están sendo maltratadas, sobre todo cando sofre maltrato psicolóxico. É tan sutil e está tan condicionado por estereotipos que non se ve, como os micromachismos, por exemplo. O que se necesita é informar á sociedade sobre este tipo de cousas”.

É un tema tan complexo que necesita unha formación específica para todas as persoas que vaian falar do tema ou tratar coas vítimas. O sensacionalismo está presente nos medios da zona e só se fala da problemática cando ocorre un feito escandaloso, algo que non debería ser así. É necesario que se fale en diferentes ocasións ao longo de todo o home sobre o tema para concienciar á sociedade. Fálase das mulleres que morren, cando en verdade as matan os seus agresores.


Tampouco se fai un seguimento dos casos, quedan aí porque o que chama é o suceso en si, e non o problema social. Así é que, tal e como explica Aldao, “á xente parécelle que denunciar é moi simple, que calquera persoa está preparada para denunciar. O problema da violencia de xénero é que non se trata dunha agresión única. É unha violencia que sucede durante moitos anos e xera na muller diferentes procesos psicolóxicos que fai que a muller non se sinta segura para denunciar porque ten medo ou por outras cousas”.

“Hoxe en día hai moitas actitudes machistas, tanto en homes como en mulleres. Gústame pensar que estamos indo a mellor. O que si é verdade é que vexo en moitos

programas de prevención que a xente nova non identifica comportamentos que poden derivar en violencia de xénero”, indica Ana Aldao sobre o seu entorno.


As mulleres que soen acudir ao CIM de A Laracha atópanse nunha franxa comprendida entre os 25 e os 50 anos. Unha vez deciden ir ao centro, ofrécenlle asesoramento xurídico, atención psicolóxica... todo o que se indicaba anteriormente. O que intentan é que as mulleres non se sintan soas e explicarlle todo o que pode pasar unha vez que denunciaren, xa que hai veces que ao mellor esa muller denuncia e ten que volver para a súa casa e iso pode supoñer ir risco para ela. “Aquí o importante é a calma, cada persoa necesita o seu ritmo”, engade a directora do CIM.

Os datos de mulleres atendidas por sufrir violencia de xénero no CIM non foron posibles de conseguir por parte da directora do centro, mais as cifras que manexa a Garda Civil de A Laracha nos últimos cinco anos foron as seguintes:



## 5. Muxía

O CIM de Muxía conta cunha psicóloga e unha asesora xurídica. Isabel Muñoz Rodríguez é a directora e psicóloga do centro e para ela o número de vítimas “nin diminúe nin aumenta” senón que “se incrementan as consultas e as denuncias, o cal parece indicar que as mulleres se senten máis apoiadas socialmente para decidirse a buscar axuda”. O problema sempre estivo aí pero agora parece que xa non da tanta vergoña admitilo e pedir axuda. O número de consultas rexistradas, que non é o mesmo que o de vítimas, variou da seguinte forma nos últimos cinco anos:



A directora coincide coas anteriores fontes consultadas en que os medios só dan visibilidade aos casos extremos nos que se fala da morte das vítimas, buscando o sensacionalismo e creando “unha alarma social que magnifica a situación pero non reflexa a realidade”. Así, defende que o xornalismo é unha potente arma capaz de crear opinión e que polo tanto debería “axudar a mellorar o pensamento machista e androcéntrico da sociedade”. Critica que non existan informacións “sobre as mulleres que conseguiron saír da situación de violencia e teñen unha vida sen opresión e medo” ou sobre “a normalización da violencia psicolóxica ou sexual que existe dentro das relacións de parella”. Para Isabel Muñoz, os medios deben ter un enfoque de xénero “transversal” e ser coherentes, xa que, en palabras da directora do CIM: “non se pode falar do feministas que somos e da desgraza que é que algúns machistas maten á súa parella ou ex-parella, e na noticia que segue falar sobre o sexys que estaban as

xogadoras de balonmán ou o fea que é a nova ministra”. Considera que os medios son un espello da sociedade que crea conciencia e modela as opinións pero que actualmente o que transmiten é machista e androcéntrico: “A postura machista e a normalización do poder do home sobre a muller refléxase en cada información que dan os medios de comunicación, empezando polo maior número de homes que de mulleres que asinan os artigos en prensa, e o feito de que só as periodistas xoves e con imaxe, dentro dos cánones estéticos marcados pola sociedade, aparezan nos medios de comunicación visuais”. Insiste na idea de que non se pode querer dar unha imaxe de medio que loita pola igualdade e que condena o machismo cando dúas páxinas máis atrás aparecen anuncios de escravismo sexual que normalizan a trata de mulleres para a explotación sexual.

Muñoz cre que a definición de violencia de xénero recollida na Lei 1/2004, onde se di que a violencia de xénero son todos os casos de violencia exercidos contra as mulleres polas súas parellas ou ex-parellas ou persoas que mantiveran análoga relación sentimental polo feito de ser muller, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión, debería “estenderse”. Para ela, a violencia machista vai máis alá do maltrato físico: “unha actitude, unha forma de actuar avalada por séculos de historia de poder do home sobre a muller, que fai que este se sinta con poder para exercer o seu dominio sobre a súa parella, pero non só sobre ela, senón sobre calquera muller”.

No referido á cobertura dos medios, considera que se avanzou un pouco, xa que antes se insistían moito no "perfil" do maltratador ou da maltratada, engadían datos, como a nacionalidade ou a relación sentimental que unía a agresor e vítima, como querendo facer crer que só se daba en casos de inmigrantes e parellas que non estaban casadas. “Isto evolucionou e xa non se soen dar este tipo de datos pero aínda tenden a buscar motivos, os periodistas redactan sempre querendo dar unha causa do sucedido, creo que é un erro. Para xulgar están os xuíces e cando o feito aínda acaba de suceder, a nova debería ser só un informe dos feitos”, expón Isabel Muñoz.

A violencia de xénero acaba con máis vidas no noso país que o terrorismo ou os accidentes aéreos. A directora do CIM cre que “se morreran tantas persoas dun mesmo colectivo, como por exemplo persoas relacionadas coa política, ou co deporte, a alarma sería moitísimo maior e as medidas moito máis contundentes. O feito de que sexan


mulleres parece que non provoca tanta preocupación como debería”. Así, reitera a aparición de noticias sobre violencia de xénero en casos extremos e o oito de marzo de cada ano, omitindo as informacións o sobre os problemas relacionados coa problemática que non acaban coa vida da vítima. De tomarse en serio o problema, “cada día debería haber información, porque cada día centos de mulleres son vítimas de discriminación e violencia polo único feito de ser mulleres”.

Na opinión de Muñoz Rodríguez, os medios poden contribuír á mellora da sociedade se non só informan dos casos extremos buscando o sensacionalismo: “Deberían informar tamén dos casos de éxito, daquelas mulleres que sobreviviron a violencia, que son moitas, de como se fai e de quen pode axudar para que se saia, porque iso podería axudar a aquelas que aínda viven en situacións de maltrato, e podería axudar tamén a que se dera un cambio na mentalidade social e que se dera un cambio na educación que os nenos, e as nenas, pero sobre todo os nenos, reciben na escola e na familia”.

No CIM de Muxía, a diferenza de outros Centros de Información á Muller, non dan cita previa para así ofrecer dispoñibilidade e calquera momento ás vítimas. Cando unha muller se decide a pedir axuda, o primeiro que fan é “escoitala, apoiala, consolala, non xulgala, non preguntar, non dirixir... Só escoitar e responder ás súas preguntas”. Sempre que é posible están coa vítima as dúas mulleres que levan o CIM: a asesora xurídica e a psicóloga. “Ofrecémoslle todas os recursos que a lei pon ao seu dispor. Tentamos facerlle ver os aspectos positivos de tomar a decisión de saír dunha situación de violencia e respectamos e agardamos a que ela tome as súas propias decisións, nunca a forzamos a tomar decisións para as que aínda non se sinta preparada. Ás veces é preciso algún tempo de apoio psicolóxico para dar rachado definitivamente coa relación de violencia”.

## 6. Outros municipios da Costa da Morte

Os datos que manexa a Garda Civil dos diferentes lugares da Costa da Morte durante os últimos cinco anos aparecen recollidos na seguinte gráfica:



Os datos foron facilitados por un axente e a cifra que corresponde con Muxía 2017 non foi posible conseguila, o que non quere dicir que non houbera denuncias.

## 4. Conclusións

O estudo partiu coa base de que a violencia de xénero só sae nos medios de comunicación cando suceden feitos significativos, acontecementos nos que a vítima morre ou que poden causar morbo e atraer á audiencia. Unha vez analizadas as noticias e consultadas as fontes expertas no asunto, podemos dicir que iso é así ou incluso peor.

Os medios de comunicación son cada vez máis sensacionalistas. En ocasións é máis importante o feito de que o autor do crime se suicide que a morte da muller. É máis importante dicir se a muller denunciou ou non que narrar a súa historia ou o seu sufrimento, que tamén é o sufrimento de moitas outras mulleres. Non se ven noticias nas que o xornalista explique o que é a propia violencia de xénero.

Tal e como se indicaba no apartado da hipótese e obxectivos, a prensa non fai un seguimento dos casos. De todas as noticias analizadas, só se fixo un seguimento de dous casos, algo que chama a atención porque unha vez máis se centran no que vende, no morboso.

En canto á Costa da Morte, aínda que a poboación está avellentada e hai moitas vítimas de violencia machista que deciden seguir aguantando porque xa levan moitos anos, descubrimos que hai un alto número de vítimas de idades comprendidas entre os 20 e os 22 anos. Nisto coinciden o sarxento da Garda Civil de Vimianzo e a directora do CIM de Carballo. É un dato significativo posto que indica que algo se está a facer mal cando se producen situacións que deixan moito que desexar dunha evolución positiva da sociedade.

En resumen, é necesario que todas as unidades que vaian a tratar con vítimas de violencia de xénero ou falar sobre a problemática nalgunha ocasión, reciban unha formación diferente. Necesitamos persoas especializadas no tema e, por tanto, tamén son necesarias e necesarios xornalistas especializados que sigan unha serie de normas e pautas para axudar a concienciar á poboación e crear unha opinión pública na que o machismo e a violencia se castiguen. É necesario que os xornalistas elaboren as noticias desde unha perspectiva de xénero para poñerse na pel das afectadas e non buscar excusas para que o agresor saia ben parado.

Os xornalistas especializados deben loitar por axudar ás mulleres e non culpalas, deben falar sobre todo tipo de violencia (psicolóxica, maltrato físico, violencia económica...) e publicar noticias cada pouco tempo onde se explique como detectar comportamentos machistas ou como saber se alguén está sufrindo violencia de xénero. É necesario que deixen claro que esas mulleres sufriron un proceso de maltrato psicolóxico que fai que agora non sexan capaces de actuar por si mesmas e que non é que non queiran denunciar ao agresor, e que teñen moitas razóns polas cales non o poden facer, ou simplemente teñen medo.

Do mesmo xeito, é importante indicar cales son os servizos dispoñibles para as mulleres e cal é o procedemento que se segue nos centros de información á muller, na policía, no xulgado... Todo ese tipo de cousas que se dan por feito que sabemos e que temos tan cerca e á vez tan lonxe. O xornalismo debe loitar por acabar co sensacionalismo, culpar sempre ao agresor, penalizar todo tipo de comportamento machista e darlle voz ás vítimas.

Por último, dicir que a pesar de que o caso de Ana Orantes pareceu que axudara moito e se producira un cambio na sociedade e na maneira de tratar os acontecementos, vemos que co paso dos anos nos imos esquecendo do ocorrido e ata que pase algo semellante non volveremos a prestarlle atención a algo tan grave e que está acabando coa vida de tantas mulleres. Hai que erradicar o problema desde a raíz e para iso é necesario un cambio na educación desde que somos cativos. Necesitamos que os rapaces medren nun mundo no que a igualdade estea presente e calquera que levante a man estea mal visto e non un mundo no que se protexe aos agresores e se xulga ás vítimas, que aínda por riba de dar o paso e contar o que están a pasar, son postas en dúbida ou réstaselle importancia aos feitos.

## 5. Bibliografía

Altés, E., & Gallego Ayala, J. (2002). La prensa por dentro: producción informativa y transmisión de estereotipos de género. Libros de la Frontera.

Álvarez Pousa, L. & Puñal Rama, B. (Coord.e ed.). (2011). Rompendo moldes. Áreas de especialización e Xénero no Xornalismo, Santiago de Compostela, España: Atlántica.

Colexio profesional de Xornalistas de Galicia (2004). Medios de comunicación e violencia contra as mulleres, Santiago de Compostela, España: Observatorio Galego dos Medios.

Delgado C. & Plaza F. J. (Ed.). (2007). Género y comunicación, Madrid, España: Editorial Fundamentos.

EFE. La violencia machista ha dejado a 194 menores huérfanos desde el 2013. (04/05/2018). Madrid, La Voz de Galicia.

El Español. Detenido en Burgos un hombre acusado de matar de una paliza a su expareja. (30/04/2018). Burgos, El Español.

De Cabo, R. M., Nogués, R. G., Fernández, L. L., Martínez, M. M., Álvarez, M. A. M., Montero, D. Q., ... & Vázquez, M. S. (2009). La presencia de estereotipos en los medios de comunicación: análisis de la prensa digital española. Administrando en entornos inciertos. Escuela Superior de Gestión Comercial y Marketing, ESIC.

Franquet R., Luzón V. & Ramajo N.. (2005). Mujer y medios de comunicación online. Un análisis de género. Universidade Autónoma de Barcelona, España

Fernández Arribas, J. (2011). Cómo informar sobre violencia contra la mujer en las relaciones de pareja. Escola de Xornalismo e Comunicación, España

Gallego Ayala, J. (2004). De las recomendaciones a los mecanismos: producción informativa y transmisión de estereotipos de género. Mujeres y medios de comunicación: imágenes, mensajes y discursos (pp. 151-170). Universidad de Málaga (UMA).

Gallego Ayala J. (2007). Lenguaje periodístico y discriminación de género. Género y comunicación. Madrid, España.

Gallego Ayala, J., & Soriano Clemente, J. (2002). La prensa diaria por dentro: mecanismos de transmisión de estereotipos de género en la prensa de información general".

Herrero Aguado, C. (2014). Estereotipos de género en el tratamiento de la violencia contra las mujeres, España: IV Congreso Internacional de la Asociación Española de Investigación en Comunicación

II Informa Anual del Fondo de Becas Fiscal Soledad Cazorla Prieto. (2018) Huérfanos de la Violencia de Género: hacia la reparación del daño. España.

López Díez, P. (2008). Los medios y la representación de género: algunas propuestas para avanzar.

Lucas Torres, C. (15/07/2017). Garbiñe Muguruza, la reina del tenis que calza tacones de 15 centímetros. El Español.

Macharia, S. (2015). ¿Quién figura en las noticias? El Proyecto de Monitoreo Global de Medios 2015 (GMMP). Who makes the news.

María Calleja, J. M. (2014). Informar sobre la violencia contra las mujeres: guía de buenas prácticas para los medios de comunicación, Zaragoza, España: Instituto de la Mujer.

María Calleja, J. M. (2016). Cómo informar sobre la violencia machista, Zaragoza, España: Cátedra

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (2018). Denuncias por violencia de xénero, España: IGE (Instituto Galego de Estatística)

Periodista Digital (17/07/2017). Garbiñe Muguruza, mucho tenis, bonitas piernas y pocos novios. Periodistadigital.com, España.

Punzón, C. (21/04/2018). Cada día mueren en Galicia treinta y seis personas más de las que nacen. La Voz de Galicia, Galicia. Edición dixital.

Rodríguez Cárcela, R. (2008). Del crimen pasional a la violencia de género: evolución y su tratamiento periodístico, Sevilla, España: Universidad de Sevilla

Sáinz de Baranda, C. (2014). Las mujeres en la prensa deportiva: dos perfiles. España. Universidade Carlos III de Madrid.

Sánchez Aroca, I. (2016). El poder machista de los medios, España: texto da revista El periodismo acosado de eldiario.es

Sendón de León, V. (2007). Coeficiente simbólico femenino. En J. Plaza, & C. Delgado, Género y Comunicación, 33-47.

Vallejo Rubinstein, C. (2005). Representación de la violencia contra las mujeres en la prensa española (El País/ El Mundo) desde una perspectiva crítica de género, Barcelona: Universidade Pompeu Fabra

- **Noticias analizadas:**

Un acusado de malos tratos acusa a la víctima de inventarse la agresión para que lo echaran del trabajo (15/12/2006). La Voz de Galicia, edición Carballo

El vecino de Cee que mató a su mujer a martillazos la degolló después (13/06/2007). La Voz de Galicia, edición Carballo

Un vecino de Coristanco arrolla con su vehículo al ex novio de su pareja (29/10/2009). La Voz de Galicia, edición Carballo

Una mujer pide protección contra su marido, pero el juez no ve indicios de malos tratos (22/09/2010). La Voz de Galicia, edición Carballo

Detenido en Carballo tras agredir a su mujer y ser ingresado en el hospital por ingesta de pastillas (02/02/2014). La Voz de Galicia, edición Carballo

Detenido un vecino de Vimianzo por intentar atropellar a su mujer en A Ponte do Porto (23/09/2014). La Voz de Galicia, edición Carballo

El Concello malpicán arregla la casa a la mujer cuya pareja quiso matarla (18/08/2014).  
La Voz de Galicia, edición Carballo

El agresor del machete ya estuvo en prisión por doble intento de homicidio  
(16/10/2015). La Voz de Galicia, edición Carballo

Condenado a cinco años el malpicán que quemó su casa con su mujer dentro  
(05/11/2015). La Voz de Galicia, edición Carballo

Detenido por enfrentarse a agentes de la Guardia Civil con una hoz tras haber pegado a  
su pareja en Carballo (22/11/2016). La Voz de Galicia, edición Carballo

El hombre que había agredido a su ex pareja, investigado por tenencia ilícita de armas  
de fuego (18/02/2017). La Voz de Galicia, edición Carballo

Acuchilla a su ex pareja a la salida de un pub en Carballo y se da a la fuga (15/01/2017).  
La Voz de Galicia, edición Carballo

Prisión para el hombre que apuñaló a su ex pareja en Carballo (16/01/2017). La Voz de  
Galicia, edición Carballo

## 6. Anexos

- Táboas de análise das noticias de La Voz de Galicia, edición Carballo:

<b>Titular</b>	“Un acusado de malos tratos acusa á vítima de inventar a agresión para que o botaran do traballo”
<b>Data</b>	Venres, 15 de decembro de 2006
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Si
<b>Xustificación do agresor</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Ao narrar o relato ofrecido polo suposto agresor, faise referencia a que ela estaba celosa e por iso empezou a discutir co home, co que tiña unha relación.
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non culpa a un nin a outro.
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Ofrece a versión do home e a da muller
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Non
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non

<b>Titular</b>	“O veciño de Cee que matou á súa muller a martelazos, degolouna despois”
<b>Data</b>	Mércores, 13 de xuño de 2007
<b>Sección</b>	Galicia
<b>Perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si
<b>Xustificación do agresor?</b>	Si
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade?</b>	Non
<b>Informa dos servizos que teñen as vítimas á súa disposición?</b>	Non
<b>Faise un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Familiares e veciños. Non consulta fontes expertas nin oficiais.
<b>Fotografías</b>	Si
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de violencia?</b>	Non, só se fala de violencia de xénero nunha declaración do alcalde

<b>Titular</b>	“Unha muller pide protección contra o seu marido, pero o xuíz non ve indicios de malos tratos”
<b>Data</b>	Mércores, 22 de setembro de 2010
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Expón o que conta a muller e un veciño e, ao tratarse de violencia psicolóxica, réstaselle importancia
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Non
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	A propia vítima e un veciño
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Si
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	A vítima fala de violencia psicolóxica pero o xornalista non explica o que é.

<b>Titular</b>	“Detido en Carballo tras agredir á súa muller e ser ingresado no hospital por inxesta de pastillas”
<b>Data</b>	Domingo, 2 de febreiro de 2014
<b>Sección</b>	Sociedade
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si.
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Ao dicir que se quixo suicidar, réstaselle importancia á agresión
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si: o home primeiro agrediu á muller e logo, intenta matarse como se dun crime pasional se tratase
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Si, xa que se menciona que non denunciara antes
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Os veciños
<b>Fotografías?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non, nin se menciona a violencia de xénero

<b>Titular</b>	“Detido un veciño de Vimianzo por intentar atropelar á súa muller en A Ponte do Porto”
<b>Data</b>	Martes, 23 de setembro de 2014
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Non
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Oficiais
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non, pero si se fai referencia á violencia de xénero

<b>Titular</b>	“O Concello malpicán arránxalle a casa á muller cuxa parella a quixo matar”
<b>Data</b>	Luns, 18 de agosto de 2014
<b>Sección</b>	Sociedade
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Si, di que se arrepeniu case de inmediato de prenderlle lume á vivenda
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Si
<b>Fontes</b>	A propia vítima, o agresor e os gardas
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Si, da casa destrizada
<b>Datos irrelevantes</b>	Non
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non, pero fálase de violencia machista

<b>Titular</b>	“O agresor do machete xa estivo en prisión por dobre intento de homicidio”
<b>Data</b>	Venres, 16 de outubro de 2015
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Si
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Si
<b>Fontes</b>	Unha experta, os veciños e os familiares
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Si
<b>Datos irrelevantes</b>	Si, indícase a rúa, portal e piso da parella
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Si, na segunda parte da noticia, onde fala a experta, unha avogada chamada Raquel Carballeira

<b>Titular</b>	“Condenado a 5 anos o malpicán que queimou a súa casa coa súa muller dentro”
<b>Data</b>	Xoves, 5 de novembro de 2015
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Si
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non, mais faise referencia a que as discusións eran habituais
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Si
<b>Fontes</b>	Gardas civís e bombeiros
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non, fálase de violencia de xénero

<b>Titular</b>	“Detido por enfrontarse a axentes da Garda Civil cunha foz tras pegarlle á súa parella, en Carballo”
<b>Data</b>	Martes, 22 de novembro de 2016
<b>Sección</b>	Sociedade
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Non
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Non
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Non
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Gardas civís de Carballo
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non

<b>Titular</b>	“O home que agrediu á súa ex-parella, investigado por tenencia ilícita de armas de fogo”
<b>Data</b>	Sábado, 18 de febreiro de 2017
<b>Sección</b>	Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Si, un “ataque de celos”
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Non
<b>Culpa á vítima?</b>	Non
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Si
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Non
<b>Fontes</b>	Gardas civís
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non

<b>Titular</b>	“Acoitela á súa ex-parella á saída dun pub de Carballo e dáse á fuga”
<b>Data</b>	Domingo, 15 de xaneiro de 2017
<b>Sección</b>	Galicia/Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si
<b>Contextualiza</b>	Non
<b>Xustificación do agresor</b>	Si
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Si, “o home, de nacionalidade uruguaya”
<b>Culpa á vítima?</b>	Non, mais fai referencia a que non quixo denunciálo
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Si
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Si
<b>Fontes</b>	Garda Civil
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Non
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	Non, fálase de violencia machista

<b>Titular</b>	“Prisión para o home que apuñalou á súa ex-parella en Carballo”
<b>Data</b>	Luns, 16 de xaneiro de 2017
<b>Sección</b>	Galicia/Sucesos
<b>Información con perspectiva de xénero</b>	Non
<b>Uso de linguaxe machista</b>	Si
<b>Contextualiza</b>	Si
<b>Xustificación do agresor</b>	Non
<b>Transmite estereotipos de xénero?</b>	Si
<b>Fai referencia á nacionalidade</b>	Si
<b>Culpa á vítima?</b>	Non, mais fai referencia ao moito que lle custou por a denuncia
<b>Informa dos servizos dispoñibles para as vítimas?</b>	Si
<b>Fíxose un seguimento do caso?</b>	Si
<b>Fontes</b>	Oficiais, Gardas Civís
<b>Fotos ou elementos gráficos?</b>	Si
<b>Datos irrelevantes</b>	Si
<b>Fálase de varios tipos de violencia?</b>	No, menciónase a violencia machista

## - **Entrevistas**

Aquí están recollidas as entrevistas realizadas e utilizadas no apartado de análise da situación actual na Costa da Morte en canto á violencia de xénero.

### 1. Entrevista a Concha Millán, directora do CIM de Cee

- **¿Cómo evoluciona la situación con el paso del tiempo?**
- La situación sigue prácticamente igual, los datos solo contabilizan el número de víctimas de violencia de género que pasan por el centro. Más o menos se mantiene.
- **¿A qué cree que se debe?**
- No hay suficiente educación. Desde que empezamos en el colegio debería haber una asignatura de igualdad y no hay más que ver los libros y los folletos de juguetes. Creo que falla la educación.
- **¿Dan los medios de la zona visibilidad a la violencia de género?**
- Los medios desde que existe esta oficina, desde el 2004, si que le dan visibilidad al tema con el facebook del ayuntamiento y también sale siempre en los periódicos.
- **¿Se trata de manera correcta a las víctimas en la prensa?**
- Desde que estoy trabajando aquí hubo dos casos graves y no se cuidó nada la identidad de la víctima y, en este pueblo pues es pequeño y todo se acaba sabiendo.
- **¿Cuál cree que es el principal problema en lo referido a esta problemática?**
- La falta de formación de periodistas, de jueces, abogados... No hablo en general, que hay gente muy preparada pero hay una falta de información muy importante. No saben diferenciar la violencia doméstica de la violencia de género. Desde pequeños deberían tratar la igualdad. La Guardia civil, jueces y todas las administraciones que tengan que tratar el tema deberían tener cursos obligatorios de formación para poder saber tratar a las mujeres. Preparar los juzgados también, porque tú tienes que estar viendo a tu agresor, sobre todo en los pueblos. No hay una sala para cada uno. Carecen de formación, exceptuando algunos casos.
- **¿Estamos avanzando o caminamos hacia atrás?**

- Vivimos en una sociedad patriarcal y yo noto un atraso en la adolescencia y eso se debe a la falta de formación. En casa se puede educar en igualdad pero si salen de casa y en la calle se encuentran con lo que se encuentran, pues no es suficiente con obradoiros en las clases porque son una hora, una vez al año.
- **¿Qué se le ofrece a una mujer que da el paso y os cuenta lo que está sufriendo?**
- Confidencialidad, empatía, seguridad, información, asesoramiento jurídico, atención psicológica, derivación a los servicios con acompañamiento en caso de que esa mujer no tenga quién la acompañe, tramitación de todos los recursos económicos que sean adecuados a su situación, tramitación de abogado de oficio si lo necesita... si necesita una casa de acogida se le organiza y se tramita todo el viaje, que se sienta segura y que no se sienta sola.

## 2- Entrevista a José Ramón Couto, garda civil de Carballo

### **- Cal é a evolución da situación nos últimos cinco anos?**

-Mantense. Hai poucas denuncias, debería haber moitas máis.

### **- Danlle os medios visibilidade á problemática?**

-Os medios dan visibilidade moitas veces ao que non deberían dar visibilidade e ao que lle deberían dar visibilidade non lla dan. Xa non é que se faga un espectáculo do caso ou non, senón que ás veces céntranse en cousas que realmente non son necesarias. Por exemplo, non é necesario sacar unha noticia dun dos intento de homicidio a toda páxina para redactar a sentenza, dando un montón de detalles sobre a vítima que non son necesarios nin precisos.

### **- Axudan que saian os casos nos medios?**

-Depende. A redacción é moi importante e ás veces son moi arbitrarios, escribindo a favor duns ou a favor doutro. Isto é un pobo a fin de contas e coñecemos todos. Uns coñecen a un e outros á outra e non axuda isto. Por exemplo, o clásico ‘muere mujer a manos de su marido’, parece que morreu porque quixo. A catalogación penal, é asasinato, pero refírense a el como que está tolo e foi queimar a casa.

### **- Levas aquí desde o ano 2008, cal foi o ano no que se deron máis casos?**

-O período comprendido entre agosto de 2016 ata febreiro de 2017, houbo un boom moi gordo con casos graves. Aí pódese dicir que foi cando máis traballo se tivo. E este ano, a principios de ano houbo moitas denuncias seguidas. Esas denuncias que dixen, se as filtrase, aparecerían concentradas entre xaneiro e marzo (a finais de xaneiro, 4; dúas na última semana de febreiro e en marzo 12).

### **- Hai momentos do ano puntuais nos que aumentan as denuncias?**

- A xente na casa cos fillos hai roce e entón hai picos: antes e durante a semana santa, no Nadal, en xuño ao remate do colexio... e logo moitos incidentes co tema das custodias. Se levas normalmente unha media dunha denuncia por semana, pois aí suben a 3 ou 4.

**- Que medidas se toman unha vez que a muller decide denunciar?**

- Cando a vítima vén a denunciar aquí, na páxina, nas aplicacións móbiles (unha da Xunta e outra do Estado) e agora tamén está alertcobs, ou vén porque tivo un incidente moi grave e vén ao momento ou vén preparada: documentación, libro de familia, cartos... Cando chega aquí, ou non sabe nin onde sentarse ou vén xa preparada ca súa avogada, cousas intermedias hai poucas. Unha vez aquí, ofréceselle o avogado de oficio e unha orde de afastamento. Hai quen a quere, hai quen non, hai quen aínda está nese ciclo da violencia de Leonor Walker... Entón é complicado porque ao mellor dislle que o vas deter e diche que non quere que o deteñas... É complicado. Como protocolo xeral: ofrecemento de avogado, dunha orde de afastamento e dependendo do nivel de risco, existen as casas de acollida. Segundo o nivel de risco, se é moi alto pois non podes darlle a seguridade que precisa. Houbo un caso no que a patrulla estaba todo o día vixiando que non lle pasase nada á muller porque dou un nivel de risco moi alto, entón a patrulla acompañábaa, se ía á compra, levaba a patrulla detrás.

Logo, pregúntase onde está o agresor, os datos del, fotografía... avísase á patrulla e dependendo o que a muller vai dicindo, ou se detén ou se investiga. O que quere é protexer á vítima. Normalmente dá nivel baixo-medio.

**- Hai moitas denuncias falsas?**

-As denuncias falsas habelas hailas e hai máis das que se conta. Cando se aferran ao porcentaxe que se publica, non é real, eu creo que é maior, porque non só hai que coller as denuncias falsas que persegue o fiscal, pero tamén están as que ‘descarta’ a policía. As mulleres que usan o tema dos nenos fastidiando ás súas ex parellas tamén hai moitos casos en ambos casos. Son tempos de guerra e cada un tira para si.

**- Cal é o perfil de mulleres e agresores máis común?**

- Non existe un perfil: tes a muller que nin sabe manexar un teléfono e á que ten estudos universitarios. Tes o cazurro que lle pega catro machadas á muller e o que a queima psicoloxicamente. Vai vestido con traxe e gravata e dis: que va, este é un bo tipo, este paga as cervexas.

**-Podería falarme sobre a violencia psicolóxica?**

- A violencia psicolóxica é moi difícil de demostrar e normalmente acaba en sobresemento provisional, nin lle dan orde de protección á vítima nin nada. Non se pode demostrar.

**- Infórmase á prensa dos diferentes episodios de violencia machista?**

- Aquí entra a vítima e non sae nada, non é un tema visible como outro tipo de noticias.

**- Sobre un caso que ocorreu aquí no Concello de Carballo o ano pasado no que un home acoitelou á súa ex parella á saída dun pub e non puxo denuncia, a partir do cal moita xente xulgou que ela non denunciara e non tivo en conta para nada o acto do home, que me pode dicir?**

- O redactor equivocouse. Non fora certo. Foi un intento de homicidio e ata chamou aquí subdelegación para ver que nivel de risco dera, obviamente extremo, e preguntou por que non quixo denunciar pero non era certo. Foi ao hospital, preguntámoslle polo agresor e inmediatamente se iniciou un dispositivo de busca. Unha vez saíu do hospital si que denunciou. Foi un caso vip e interesaba sacar a noticia. Igual lle dixeron que non denunciara, que non é o mesmo que non querer denunciar.

**- Cal cre que é o problema?**

- Falla moito a gramática. Aquí nesta zona andamos con moito coidado cos xornalistas.

### 3- Entrevista a Nieves Castañón, directora do CIM (Centro de Información á Muller) de Carballo

- **¿En qué momentos reciben mayor número de mujeres víctimas de violencia machista?**
- Antes había momentos puntuales del año, sobre todo después de las vacaciones de verano y a principios de año, que había brotes de denuncias y de gente que venía. Ahora la situación ha cambiado bastante y a lo largo del año se producen muchos casos. Hay temporadas que podemos tener 3 o 4 víctimas en una semana y podemos estar 15 días sin recibir a ninguna.
- **¿Podemos decir que está aumentando el problema?**
- El problema no es que aumente sino que las mujeres se animan más a denunciar y a contar lo que les está pasando porque la mayoría de las mujeres que vienen aquí lo que manifiestan es que llevan mucho tiempo sufriendo violencia pero por diferentes razones no se atreven a denunciar y cada vez estamos más concienciados en el problema de la violencia.
- **¿Ayuda que se hable del tema en los medios?**
- Los medios de comunicación, unas veces influyen favorablemente y otras desfavorablemente. A mi modo de ver, más desfavorablemente que favorablemente. Cuando se trata de una noticia sobre violencia de género se busca la ‘chicha’ de la noticia, no se busca sensibilizar o exponer una problemática. Mi experiencia con los medios no es excesivamente buena. Antes salíamos más y participábamos más pero cada vez hago menos cosas porque me da miedo lo que van a poner. El día de la mujer, vino una chica, nos hizo una entrevista y a pesar de haberle advertido y pedirle que fuese muy cuidadosa con la información y con la manera de redactar, el titular era espeluznante. Mi postura es: no hablo y así no malinterpretan mis palabras. Y lo que yo veo es que la violencia de género es lo que es, un drama social lo mires por donde lo mires pero si encima nos dedicamos solo a buscarle chicha. Si hay una víctima y sale en los medios que nadie hizo nada y que no se qué... en cada caso de violencia de género sea con un final dramático o no, siempre hay más cosas, más cosas que los medios desconocen (si ha denunciado o no, si se ha intervenido o no...) solo sale lo que vende y eso a las víctimas les hace mucho daño y de cara a la sociedad tampoco es una buena aportación. Voy a muchos congresos en los que

se habla de la ética profesional pero no sé dónde queda la ética. Hay grandes profesionales pero también los hay que solo busca la prensa amarilla.

- **¿Diría entonces que no le dan la visibilidad que se merece?**

- Se le da visibilidad pero siempre buscando el sensacionalismo, no buscando la realidad. Entiendo que a lo mejor no vende una mujer hablando de su experiencia personal. El ocho de marzo, hacemos una entrevista las tres profesionales del CIM, buscan una víctima (que yo me negué, por supuesto, porque yo no puedo facilitar los datos de ninguna víctima y tampoco me parecía oportuno) y sale “sempre fun rabuda pero o cim empoderoume aínda máis”. Si eso es un buen titular que venga Dios y lo vea. A pesar de que le dije que por favor tratase con cariño la noticia. Desde mi punto de vista no está bien enfocado el tema.

- **¿Por qué casi nunca se habla de violencia de género en los titulares?**

- No hablan de violencia de género aunque sí saben que existe porque queda mucho más dramático pone el hombre mató a su mujer que la mujer sufrió violencia de género. No vende igual una mujer víctima que una mujer a la que su marido le ha dado tres puñaladas. El reflejo de la realidad parece que se devalúa un poco en el papel, en los medios y a lo mejor por eso no se habla de violencia de género, se habla de otras cosas.

- **¿Son importantes los medios de comunicación en todo esto?**

- Los medios de comunicación tienen mucho poder social y pueden ayudar a paliar este problema. Al igual que se vende una noticia económica o de otro tipo, se podría vender una noticia de violencia. Incluso anuncios como cuando salen de los conciertos, podría ponerse que si una mujer necesita ayuda pueden acudir a este centro, a este teléfono... ese trabajo lo hemos tenido que hacer desde los propios centros. Incluso en la policía no se le hablaba de que podían acudir aquí. Entonces, después de un trabajo complicado con la jerarquía de la guardia civil, cuando van a denunciar, al entregarle la documentación con los derechos que tiene, se le informa que puede asistir a este centro de información de la mujer. Es un trabajo que hacemos día tras día.

- **Desde su punto de vista, ¿qué podrían mejorar?**

- Se podría hacer transcripciones de las tertulias en la radio para informar a la mujer sobre a qué lugares puede acudir, que tienen asistencia psicológica...

- **¿Qué piensa de la noticia que salió hace un año sobre un apuñalamiento a una mujer por parte de su ex pareja a la salida de un pub en este Concello y de la cual se dice que no había denunciado?**
- La información está mal trasladada. Es mentira que no denunció. Los periodistas no estaban bien informados y se centra en eso, en que si denunció o no, y no en que casi la mata. Ahí está el problema. Para mí la perspectiva que se da no es la adecuada. Era falso que no había denunciado porque ella denunció a la mañana siguiente acompañada de un abogado de oficio.
- **¿Se respeta la intimidad de la víctima?**
- Los detalles que se dan son macabros. No hay respeto por la intimidad de la víctima. Cuando se debería proteger a la víctima que es la que ha sufrido la agresión y la que tiene el trauma, aún encima se la identifica, en ocasiones incluso con fotos. Además, la manera en que se filtran las noticias desde el policía, juzgado o donde sea a los medios, la información está sesgada y lo que ellos ponen no es la realidad. Deberían ser asépticos. Tiene más audiencia que salga el agresor esposado en la fotografía a contar por qué ha sucedido eso. Es complicado. Es muy negativo para todo el colectivo y con el tiempo aprendes que antes de poner lo que no quiero, prefiero no hacer declaraciones.
- **¿No se ponen en la piel de la víctima?**
- Pues no. Te pongo un ejemplo. Un papá que pedía una guardia custodia compartida. Sacó dos días varias noticias con unas declaraciones del señor muy fuertes. Me parece bien que ponga los motivos de que pida la custodia, pero podía hablar con un experto y que le explique cuando se da, cuando no... y no dando a entender que pobre padre que no puede ver a sus hijos. Sin embargo, cuando salió la sentencia obvió reflejarla porque le daba la razón a la madre. Tiene todo el derecho de pedir la guardia custodia pero a la que se machacó en la información fue a la madre.
- **Y las mujeres que se deciden a venir al CIM, ¿a qué tienen derecho?**
- Cuando una mujer llega aquí y hace una demanda, aquí somos tres profesionales, se le ofrece asistencia jurídica, información para tramitación por si quiere iniciar un procedimiento judicial y necesita abogado y procurador, se le asesora, de qué documentación le hace falta y se tramita desde aquí. También se le ofrece asistencia psicológica, le ponemos cita con la psicóloga, y se le da información de tipo social (qué ayudas podría tener, a qué tipo de recursos puede

acudir e incluso si no ha presentado denuncia y la quiere presentar, nosotras la acompañamos al cuartel de la Guardia Civil porque ir solas les cuesta mucho y luego se trata de hacer un seguimiento, si necesitan cualquier cosa le ayudamos. Se trata de dar una información lo más completa posible y de hacer un acompañamiento en todo el proceso, que ahí es cuando empieza a ser duro. Es muy duro cuando una mujer está sufriendo violencia en su casa pero es más duro cuando se decide a denunciar e inicia el periplo judicial con todo lo que eso conlleva. Para ellas suele ser una tortura porque es cuando se visibiliza y sale a la calle al problema y la gente lo acepta o no lo acepta.

- **¿Cuesta mucho que una mujer denuncie?**

- Las mujeres no se atreven a denunciar. Tienen mucho miedo. Vienen aquí, te dicen que lo están pasando mal en casa, o maltrato psicológico, que son la mayoría, y luego, en esta zona aún hay un atraso importante en cuanto a la incorporación de la mujer al mundo laboral, por lo que se preguntan qué van a hacer, que va a ser de sus hijos, si dejo al agresor de qué voy a vivir... ese tipo de cosas a ellas les da mucho miedo. La gente joven tiene más información y más decisión a la hora de actuar. Hay mucha gente mayor que viene para manifestar que lleva muchos años sufriendo y esa gente no se atreve a denunciar. Tienen muchísimo miedo, sobre todo las mujeres mayores, si ya aguanté tantos años, ya sigo, total tanto no me quedará. Hay muchas jóvenes también. Hay otras que deciden divorciarse pero no dicen que fue por violencia de género, se divorcian y ya.

- **¿Cuál cree que debería ser la postura de los medios de comunicación?**

- Poner de manifiesto todo lo que hay en la calle y que no se está mostrando en los medios.

#### 4- Rubén Fernández Arias, sarxento da Garda Civil de Vimianzo

- **¿Cal é a evolución do número de vítimas de violencia de xénero nos últimos cinco anos?**
- Mantense. A nivel Vimianzo o ano pasado se non me equivoco, tínhamos menos ordes de afastamento. Agora mesmo temos 4 ordes (2 en vimianzo e 2 en cee). Andamos na media de 9-10 denuncias ao ano. En Carballo deben ter sobre 40 e pico. Nós o ano pasado acabamos con 7 ou 8 denuncias. E ata o día de hoxe, van tres, das cales dúas teñen unha orde de afastamento en activo.
- **¿Contan con gardas especializados no tema?**
- Temos unha garda e un garda especializadas no tema e eu superviso. Cando chegan as vítimas facemos a VPR (valoración policial de risco), que é a primeira valoración que se fai cando se presenta a denuncia. Logo, é moi importante facer as VPER (Valoración policial da evolución de risco) cada certo tempo segundo o nivel de risco: baixo, medio, alto e extremo. Se sae nivel extremo, tes que facer unha valoración cada 72 horas, se é alto, cada semana, medio, cada mes e baixo cada dous. Falar con eles, facemos contravixianzas, segundo o nivel de risco facemos contravixianzas na vivenda, no traballo, entrevistas... as contravixianzas facémolas todos pero as entrevistas e as chamadas hai dúas persoas que o levan, e eu superviso. Intentamos levalo o mellor posible pola importancia social que ten.
- **¿Dáselle visibilidade nos medios?**
- Dáselle bastante visibilidade ao final. A visibilidade que se lle da na prensa son ás falecidas, pero non se fala con datos reais. Estamos ante unha prensa moi sensacionalista. Saen na prensa as falecidas. Por exemplo, se falamos das porcentaxes de maltrato físico, ao mellor esa cifra representa un 20-30% das denuncias pero hai moitas máis mulleres que sofren maltrato psicolóxico que físico. Para min existe outro problema: a cantidade de mulleres que non denuncian. As dúas últimas denuncias que tivemos aquí en Vimianzo tiveron que ter unha semana enteira de entrevistas con elas para que denunciasen. Costa moitísimo denunciar. Realmente non se denuncia. Temos casos de denunciar un día e ao día seguinte no xulgado botarse atrás. A prensa dálle visibilidade aos casos extremos.
- **¿Hai moitas mulleres que se botan atrás?**

- Bastantes. Poño un exemplo: un caso no que ás 10 da noite unha muller denunciou que sufría maltrato psicolóxico por parte da súa parella, fixo todo o trámite e ao día seguinte chama ao xulgado e di que era todo mentira. Outro, unha muller denuncia pola tarde agresións físicas e ameazas e chega ao día seguinte ao xulgado e di que non quere denunciar.
  - **Que pasa con todas esas mulleres que deciden non denunciar?**
  - A violencia de xénero considérase un delito público, o que quere dicir que non fai falta que exista unha denuncia para ser perseguido. Unha violación, ti tes que denunciála. Non se pode perseguir de oficio. Se mañá sei que violaron a unha rapaza, se ela non denuncia non hai delito. Coa violencia de xénero temos a obrigación de perseguila. Se nos chaman dicindo que a veciña está sendo maltratada, nós imos, entrevistamos e facemos un informe ao xulgado. Podemos estar mandando unha media de 12 ou 15 informes ao ano ao xulgado de posible violencia de xénero na que a vítima se nega a denunciar. Teño máis casos de posible violencia de xénero onde a vítima non quere denunciar das que denuncian. Que pasa? Que iso na prensa non sae.
  - **Cal é a visión da problemática que da a prensa e que debería facer realmente?**
  - A prensa saca o extremo. Outra cousa que penso que non se reflicte nos medios é que todos ao falar da violencia de xénero pensamos en nosos avós, incluso en nosos pais, en algo pasado pero a cantidade de rapazas de 22, 23 anos vítimas de violencia de xénero é bastante alta. Non se fala da dependencia psicolóxica que podes chegar a ter con 22 anos. Temos un caso dunha rapaza que coñeceu a un rapaz por internet, que recorreu 600-700 quilómetros para vir vivir aquí con el, sufriu maltrato físico, detivemos ao rapaz, púxose a denuncia, non apareceu no xuízo, volveu para a súa casa e aos tres meses volveu. Non tiñan hipoteca nin fillos nin nada, era unha relación sentimental.
- E despois, a cantidade de incumprimentos de ordes de afastamento que hai. Se che poñen 200 metros de orde de afastamento da túa parella e resulta que aos dous meses estades vivindo xuntos, que pasa? Nos medios moitas veces poñen que denunciou tres veces, que había ordes de afastamento... primeiro, a orde de afastamento pódese dicir que é unha mentira. Se non podes estar a menos de 100 metros da túa parella, que son 100 metros? Se te quere levar por diante vaite levar o mesmo. *O que é preocupante é a cantidade de denuncias que non hai, a*

*cantidad de mulleres maltratadas que non denuncian.* Podo asegurarche que nesta zona está 50-50, case hai máis mulleres que non denuncian das que denuncian. É máis, hai xente que non ten consciencia do que é ser maltratada. Tiven un caso onde dicía que non existía violencia física e cando falabas con ela, houbo empuxóns e agarrouna polo pescozo.

- **Cal pensa que é a raíz do problema?**

- Sempre lle boto a culpa á educación. Creo que falta moita formación, tanto a mulleres como a homes, desde pequenos en tema de violencia de xénero. Eu considero que estamos tendo cada vez unha sociedade máis machista, estamos volvendo atrás. A min nunca se me ocorreu darlle un trato á miña moza como o que lle dan agora mesmo moitos rapazas de vinte anos ás súas. Para min é un problema da educación. Logo hai que mirar caso a caso.

- **Que opina sobre as medidas que se toman á hora de xulgar aos agresores?**

- Unha muller de 30 anos que levaba dous anos coa súa parella e tíña totalmente anulada. Para min é un tema moi complicado porque fálase de vía penal e non debería ser a solución por vía penal. Porque se morren 70 mulleres e estudias o seu agresor, seguramente haxa un porcentaxe elevadísimo de casos nos que o home se suicida, co cal importa pouco os anos que lle metan de prisión, ou que se entregou, é dicir, “yo me la cargo porque es mía”, entón meter penas a un tío que se entregou ou que se matou pois... dálle exactamente o mesmo. Está ben atacar pola vía penal pero ou empezan a tocar o tema educación ou vamos ir a peor.

- **Por que custa tanto denunciar ao agresor?**

- Din que o amor é cego e teño visto casos nos que a muller ten tal dependencia emocional que xustifican as agresións físicas. Hai que ver a situación. A última vítima díxome que denunciou por min, porque estiven semanas rompéndolle a cabeza. As mulleres non teñen un apoio institucional.

- **A mentalidade da sociedade está avanzando ou retrocedendo?**

- Gracias a Dios está cambiando a sociedade. A xente asume que a violencia de xénero é un problema. Hai dez anos ías a Garda Civil a dicirlle que o teu home che pegaba e mandábante para a casa. Estamos acostumados a relacionar a violencia de xénero cunha puñada ou coa morte e hai moitas mulleres que non asimilan que por un insulto ou a violencia psicolóxica sexa unha muller

maltratada. Ti es unha muller maltratada, por ser unha muller maltratada non tes que aparecer morta ou cunha puñada.

- **Que tipo de violencia fai máis dano: a psicolóxica ou a física?**
- A violencia psicolóxica para min é moito peor que a física. Cada vez a idade dos agresores é menor e outras veces utilízanse os fillos para facerlle dano á muller.

## 5- Entrevista a Ana Aldao, directora do CIM de A Laracha

- **Cal é a situación que se está vivir?**
- Hai moitos casos de mulleres que non denuncian pero é verdade que as mulleres que acoden ao CIM, máis tarde ou máis cedo acaban denunciando porque se lle explica o procedemento, porque teñen un acompañamento, séntense apoiadas, están informadas e asesoradas sobre todo o que poden facer despois de por a denuncia... Porque o erro é pensar que todo acaba na denuncia. Se as mulleres non lles das unha alternativa diferente á vida que tiñan antes, unha alternativa de vida, non manteñen esa forza que necesitan.
- **Cre que os medios lle dan a visibilidade que necesita a esta problemática?**
- Os medios ás veces tratan a problemática dunha maneira equivocada. Ás veces a forma de presentar as noticias fai que se fixe máis na situación de violencia pero tratando á muller dunha forma errónea. Non son capaces de chegar ao fondo da cuestión e darlle o trato que se merece.
- **Axudaría un mellor tratamento na prensa?**
- Por suposto. Unha noticia sensacionalista non axuda. O que axuda é un trato continuo por parte dos medios de comunicación sobre o problema do maltrato. Ás veces unha muller non sabe que está sendo maltratada porque non sabe que esa situación é maltrato e máis aínda cando falamos de maltrato psicolóxico. O maltrato físico é moi visible para todos e para todos os estamentos pero o psicolóxico é tan sutil e está tan condicionado por estereotipos que non se ve, como por exemplo os micro machismos. Ese tratamento é o que se necesita.
- **Como se podería mellorar?**
- Este tema require unha formación específica porque é moi complexo. Tal e como a policía ou os xuíces necesitan ter unha formación especial para tratar estes temas, pois no xornalismo tamén se require que os profesionais saiban do que están falando.
- **Houbo algún caso que lle chamase a atención porque non se estaba a tratar adecuadamente?**
- O enfoque que lle dan ás noticias sobre a violencia de xénero non é o correcto. Soen publicar noticias sobre o tema cando se produce un feito que impacta, como pode ser a morte dunha muller a mans da súa parella, e é entón cando se fala sobre a violencia de xénero pero despois se non ocorre nada non se soe

publicar nada. Se desde os medios se publicasen noticias en diferentes ocasións sen ter que coincidir con este tipo de sucesos, pois axudarían bastante.

- **Por que se cuestiona tanto que as mulleres non denunciaren?**

- Á xente parécelle que denunciar é moi simple, que calquera persoa está preparada para denunciar e non é así. Ti estás preparada para denunciar se vas pola rúa e alguén te ataca. O problema da violencia de xénero é que non é unha agresión única e puntual. É unha violencia que sucede ao longo dos anos e que xera na muller diferentes procesos psicolóxicos que fan que ela non se sinta segura para denunciar ben sexa por medo ou porque non está informada... Non é tan simple. Dicotir que ‘despois nos queixamos’ paréceme unha actitude totalmente machista.

- **Está cambiando a sociedade a mellor?**

- Quero pensar que estamos evolucionando porque me produce moita tristeza comprobar que iso pode non ser así. Si é verdade que nos programas de prevención vexo na xente máis nova que lle custa identificar comportamentos que poden derivar en violencia de xénero. Non os identifican como tal.

- **Cal é a franxa de idade na que se rexistran máis vítimas?**

- Entre os 25 e os 50 anos aproximadamente.

- **Que se lle ofrece a unha muller cando decide acudir ao CIM de A Laracha?**

- Faise unha intervención integral a todos os niveis: asesoramento xurídico, información sobre recursos, atención psicolóxica, apoio, derivala se quere ou non denunciar... Trátase de saber un pouco cales son as súas circunstancias. Sempre promovemos que as mulleres denunciaren pero non sempre están preparadas para facelo e aquí apoiámolas. Buscamos que non se sintan soas. Tamén facemos acompañamentos, explicamos todo o proceso xudicial e o que pode pasar, porque se pode dar o caso de que a muller denuncia e logo non ten orde de afastamento e está peor que antes porque ten que volver á casa co seu agresor despois de denunciar ou el está aí para deixarlle claro que ninguén lle fixo caso. Todo con calma, aquí o importante é a calma. Desde logo un dos obxectivos principais é a denuncia pero cada persoa necesita o seu tempo

6- Isabel Muñoz, directora do CIM de Muxía.

**- Coas cifras que manexan, cre que hai un aumento de casos de violencia de xénero?**

- Non considero que haxa un aumento do número de vítimas nin unha diminución. No caso do concello de Muxía os casos varían cada ano sen que poda determinarse un patrón de incremento ou diminución. O que si podemos afirmar é que cada vez se incrementan as consultas e as denuncias, o cal parece indicar que as mulleres se senten máis apoiadas socialmente para decidirse a buscar axuda.

**- Dan os medios a visibilidade necesaria ao tema?**

- Creo que os medios de comunicación só visibilizan os casos de violencia física grave, sobre todo os que rematan coa morte da muller. Isto crea unha alarma social que magnifica a situación pero non reflexa a realidade. Só se busca o sensacionalismo e o morbo para vender máis.

**- Que opinión ten sobre o tratamento da violencia machista nos medios?**

- O tratamento da violencia de xénero desde os medios responde só a un motivo sensacionalista, non existen noticias sobre as mulleres que conseguiron saír da situación de violencia e teñen unha vida sen opresión e medo. Tampouco reflexan a normalización da violencia psicolóxica ou sexual dentro das relacións de parella, só recollen casos de asasinatos. Este tratamento sobre a violencia distorsiona a visión da sociedade sobre o tema.

**- Poden axudar os medios a mellorar a situación tan grave que estamos a vivir?**

- Os medios de comunicación crean opinión en calquera tema que toquen, por iso poden axudar a mellorar o pensamento machista e androcéntrico da sociedade, pero eso non se fai a través das novas que recollen o asasinato de mulleres a mans das súas parellas. Terían que ter un enfoque de xénero transversal, non se pode falar do feministas que somos e da desgraza que é que algúns machistas maten á súa parella ou ex-parella, e na noticia que segue falar sobre o sexys que estaban as xogadoras de balonmán ou o fea que é a nova ministra, e á par, ter dúas follas de anuncios de escravismo sexual, denominada "Contactos", que normaliza a trata de mulleres para a explotación sexual. A postura machista e a normalización do poder do home sobre a muller refléxase

en cada información que dan os medios de comunicación, empezando polo maior número de homes que de mulleres que asinan os artigos en prensa, e o feito de que só as periodistas xoves e con imaxe, dentro dos cánones estéticos marcados pola sociedade, aparezan nos medios de comunicación visuais. Os medios de comunicación son un espello da sociedade, crean conciencia, modelan as opinións, e o que nos transmiten é machista e androcéntrico.

**- Nunca, ou rara vez, se fala de violencia de xénero nos medios, incluso cando o home matou á muller, como definiría vostede a violencia de xénero?**

- A violencia de xénero é algo máis que o que recolle a lei 1/2004 como obxectivo da lei, xa que só considera VX os casos de violencia exercidos contra as mulleres polas súas parellas ou ex-parellas ou persoas que mantiveran análoga relación sentimental. Creo que debería estenderse porque concordo coa lei na definición que fai na súa exposición de motivos: a VX é a violencia que se dirixe sobre as mulleres polo mero feito de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión. A violencia de xénero vai mais alá do maltrato físico, é unha actitude, unha forma de actuar avalada por séculos de historia de poder do home sobre a muller, que fai que este se sinta con poder para exercer o seu dominio sobre a súa parella, pero non só sobre ela, senón sobre calquera muller.

**- Que opinión lle merece a cobertura da violencia de xénero na zona**

- A cobertura de xénero na zona non difire da do resto do estado, as noticias sobre violencia aparecen en casos de morte ou dano físico grave. O tratamento mellorou algo a nivel xeral. Fai uns anos insistían moito no "perfil" do maltratador ou da maltratada, engadían datos, como a nacionalidade ou a relación sentimental que unía a agresor e vítima, como querendo facer crer que a VX se daba en casos de inmigrantes e parellas que non estaban casadas. Isto evolucionou e xa non se soen dar este tipo de datos, sobre todo en titulares, pero aínda tenden a buscar motivos, os periodistas redactan sempre querendo dar unha explicación, unha causa do sucedido, creo que é un erro. Para vulgar están os xuíces e, a cobertura da nova, cando o feito aínda acaba de suceder, non debe tender a crear opinión, debería ser só un informe dos feitos. O periodismo é cada vez máis un creador de opinión, e non pasa só con este tipo de noticias, así que é difícil que corrixan este sesgo.

**-Como deberían informar, baixo o seu punto de vista, para poder axudar ás mulleres que están sufrindo**

- Hai que ter en conta que a VX acaba con máis vidas no noso país que o terrorismo ou os accidentes aéreos, por poñer un exemplo, e que se morreran tantas persoas dun mesmo colectivo, por exemplo: persoas relacionadas coa política, ou co deporte, a alarma sería moitísimo maior e as medidas moito máis contundentes. O feito de que sexan mulleres parece que non provoca tanta preocupación como debería. A información nos medios de comunicación límitase ós casos de asasinatos e a unha pequena cobertura o 8 de marzo de cada ano, o resto do ano e o resto das problemáticas asociadas á VX, que non sempre rematan en morte, non aparecen nos medios. Se o tema se tomara en serio, cada día debería haber información, porque cada día centos de mulleres son vítimas de discriminación e violencia polo único feito de ser mulleres. É moita a información e moita a noticia que poden transmitir os medios de comunicación, e deberían informar tamén dos casos de éxito, daquelas mulleres que sobreviviron a violencia, que son moitas, de como se fai e de quen pode axudar para que se saia, porque iso podería axudar a aquelas que aínda viven en situacións de maltrato, e podería axudar tamén a que se dera un cambio na mentalidade social e que se dera un cambio na educación que os nenos, e as nenas, pero sobre todo os nenos, reciben na escola e na familia.

**- Que se lle ofrece no CIM de Muxía a unha muller que decide dar o paso de contarvos o que lle está a suceder?**

- No CIM de Muxía, cando unha muller se decide a pedir axuda, o primeiro que facemos é escoitala, apoiala, consolala, non xulgala, non preguntar, non dirixir, só escoitar e responder ás súas preguntas. Estamos con ela as dúas mulleres que atendemos no CIM (cando é posible): asesora xurídica e psicóloga, e ofrecémoslle todas os recursos que a lei pon ao seu dispor. Tentamos facerlle ver os aspectos positivos de tomar a decisión de saír dunha situación de violencia e respectamos e agardamos a que ela tome as súas propias decisións, nunca a forzamos a tomar decisións para as que aínda non se sinta preparada. Ás veces é preciso algún tempo de apoio psicolóxico para dar rachado definitivamente coa

relación de violencia. Non damos citas, ofrecemos dispoñibilidade en calquera momento para apoiala naquelas cuestións e dúbidas que se lle vaian creando.